

sarria

Celébrase o I Encontro Máxico no rural da man do mago Roberto Lolo. **Páx. 2**

o incio

Rehabilitarase e reacondicionarase o lavadoiro do núcleo de Hospital. **Páx. 13**

paradela

Volve a XXXIII Feira do Ano e Festa de San Cidre ao municipio o 15 de maio. **Páx. 14**

o páramo

O portavoz da oposición explica os sacrificios de participar na política local. **Páx. 17**

láncara

A XXV Feira da Tenreira foi todo un éxito tras reunir centos de persoas. **Páx. 18**

Apróbase o orzamento

Camiña Sarria conseguiu aprobar os presupostos a pesar do Informe de Intervención de Control Interno do exercicio 2023



A olaría de Samos, nunha exposición

Pezas da olaría de Samos protagonizan unha exposición no Vello Cárcere de Lugo. **Páx. 20**

Sarria acolle a I Festa do Motor 4x4

Os Carro x Catro de Sarria organizan a primeira Festa do Motor 4x4 da Comarca de Sarria. **Páx. 23**

Gaiteiros de Goián




Falamos co presidente da Asociación Gaiteiros de Goián de Sarria. **Páx. 8**

‘Los zapatos del lobo’



Sonia Arias, escritora de Paradela, presenta unha obra de “valentía”. **Páx. 15**

San Martiño de Río



A asociación de Láncara inaugurará unha exposición sobre Elvira López. **Páx. 19**

A Deputación pide atención a maiores

A Deputación de Lugo úrxelle á Xunta investimentos para a atención ás persoas maiores. **Páx. 21**

CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA

CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL

ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³

CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA

RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!

EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240

INNOVACION, COMPROMISO Y GARANTIA

CORBAR MAQUINARIA

www.corbarsil.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com

SARRIA

Críticas do PP ao alcalde, Claudio Garrido



O Grupo Municipal Popular de Sarria di que as obras que está a levar a cabo Adif no peche da estación supón “o incumprimento do compromiso adquirido polo alcalde coa veciñanza na zona e a perda da oportunidade de dotar á estación dunha entrada directa e natural dende a autovía de Lugo”.

Lembran que a finais de novembro aprobábase en pleno unha iniciativa dos populares que contou co voto favorable do Goberno que incluía esta entre outras melloras nas pistas e accesos na contorna das vías do tren ao longo do seu trazado no termo municipal.

“Chama a atención que, despois do acordo, o ente estatal estea a levantar un muro na zona, pero que non dean explicacións”.

Segundo explica Carmen José López, voceira popular, “é evidente a nula xestión do rexedor local ante Adif. Garrido desoe así as queixas e demandas dos veciños e o propio acordo do pleno. O alcalde xa tiña coñecemento naquel momento das

circunstancias concretas do peche e, a pesar diso, votou a favor incluso omitindo a información da que dispoñía”.

Os populares lembran que “o alcalde prometera hai tempo aos veciños do barrio da Estación xestionar con Adif, aproveitando as obras na vía, a cesión de terreo para o ensanche do tramo, da estreita e perigosa saída cara a unha das rotondas que dan acceso ao corredor cara a Lugo. Agora todo apunta a que non fixo nada, e iso a pesar de que facer gala dunha estreita relación co propio Ministro de Transportes, ao que incluso fixo pregoeiro das festas patronais de Sarria”. “O proxecto de ensanche e mellora do acceso á estación, ademais de ser moi demandado pola veciñanza, supón un acceso natural dende a autovía á que, segundo os últimos datos, xa é a segunda estación de tren da provincia por número de viaxeiros só despois da de Lugo, un feito que xustifica aínda máis a necesidade e oportunidade de dotala dun mellor acceso”, considera.

Apróbanse os orzamentos de 2024 coa oposición en contra

O orzamento presentado por Camiña Sarria para este ano 2024 e que ascendía a unha contía de 14.496.336 euros, máis dun millón de euros de incremento con respecto aos propostos no 2023, foi aprobado despois de que ningún grupo da oposición presentara unha moción de censura e un candidato ou candidata á Alcaldía.

O pasado mes de marzo, o alcalde, Claudio Garrido, levou a pleno extraordinario a proposta destes presupostos que superaban en máis dun millón de euros os propostos en 2023, que tampouco saíron adiante no seu día. Tras o pleno e a votación en contra da oposición, comezou un prazo de 30 días no que os partidos da oposición tiveron que explorar as opcións posibles entre os demais grupos parlamentarios para chegar a un acordo. Así, o día 10 de maio venceu o prazo e, ao non haber unha alternativa, aprobáronse os orzamentos do Goberno local, a pesar de que a oposición eludiu á “perda de confianza” no alcalde, así como que existe un informe de Intervención desfavorable ao proxecto de orzamentos municipais, ao apreciar ingresos inxustificadas. No seu día, o PP xa advertira deste feito e cualificou como unha “irresponsabilidade levar a Pleno un presuposto cos informes técnicos en contra e anunciar un incremento de 2 millóns de euros sendo consciente de que o Concello non vai ingresar ese diñeiro”, xa que

“o incremento do gasto sen incremento de ingresos levará ao Concello a ter que tomar medidas”.

mento de toda a oposición, ao que se suman as advertencias do servizo de Intervención sobre as súas irregu-



VALORACIÓN DO PP. Os populares cren que “o Goberno de Camiña Sarria está esgotado, que ao alcalde non lle importa o futuro do concello e que unicamente pretende aguantar o maior tempo posible custe o que lles custe aos sarriaos”. Así, a portavoz do Partido Popular, Carmen José López, di que “o alcalde empéñase en facer historia; pero historia para mal ao ser o primeiro en recorrer a unha cuestión de confianza, que nin sequera superou, para aprobar os orzamentos municipais para o 2024. Incide tamén en que “non tiña vontade de dialogar, xa que puido ter presentado un proxecto de orzamentos para telos aprobados en prazo para que entraran en vigor o 1 de xaneiro deste ano”. A popular explica que “o orzamento conta co rexeita-

laridades”. Isto evidencia, por unha parte, que “non foi capaz de lograr o apoio que non sexa o dos seus concelleiros” e, por outra, que “o alcalde e o goberno de Camiña Sarria non teñen respecto pola legalidade”.

Para Carmen José López “trátase dunha acción temeraria que pon en risco a estabilidade financeira e a xestión responsable dos recursos públicos do Concello”.

Por outra banda, sinalan aos demais grupos políticos da oposición, xa que “unha moción de censura ten que ir respaldada pola maioría absoluta dos concelleiros e, “a pesar de que pola nosa parte se contactou con todos os grupos algún deles rexeitou calquera posibilidade dende o inicio”, apuntou López. Así, defendeu que desde o PP seguirán traballando.

O I Encontro Máxico no Rural terá lugar o 18 e o 19 de maio

O Concello de Sarria organiza o I Encontro Máxico no Rural da man do mago Roberto Lolo, que cada ano organiza o Festival Internacional de Maxia Vila de Sarria en verán.

Neste caso, os vindeiros 18 e 19 de maio desenvolveranse distintos espectáculos de maxia na zona rural de forma gratuíta e da man de cinco ilusionistas galegos: Roberto Lolo, MagAldara, Samuel Moreno, Román García e o mago Iago.

Así, as escolas parroquiais de Froián, Louseiro, Vilamaior, Corvelle, Vilapedre e Oural serán os escenarios nos que se desenvolverá esta iniciativa.

O primeiro encontro será en San Pedro de Froián o día 18 ás 12.00 horas con Samuel Moreno e MagAldara e ese mesmo día pola tarde, ás 17.00



horas, será a quenda de Roberto Lolo e MagAldara en Louseiro, e de Samuel Moreno e Roberto Lolo ás 20.00 horas en Vilamaior.

Pola súa parte, o día 19 Samuel Moreno e o mago Iago actuarán en Corvelle, mentres que á tarde estará

Iago con Román García en Vilapedre. Cada un dos espectáculos será dunha hora de duración para encher ás parroquias de maxia e risas, tanto de nenos e nenas pequenos, como dos máis maiores que queiran achegarse a desfrutar da iniciativa.

A Noite Meiga pode ser declarada Festa de Interese Turístico Galego

A Asociación Meigas e Trasgos solicitou no pleno a declaración da Noite Meiga como Festa de interese Turístico Galego e que se realice un informe onde se manifeste explicitamente a súa valoración e motivos, unha iniciativa que obtivo o apoio unánime da Corporación Municipal. Desde a Asociación defenden que desde o ano 1969 leva celebrándose o último sábado de agosto a Noite Meiga, “un evento recoñecido en gran parte da xeografía galega e que serve para celebrar o final do verán”. Así, din que ao longo destes anos foi adquirindo identidade propia e a súa orixinalidade deu lugar a unha festa única en todo Galicia. “Nesta noite os sarriaos reunímonos con amigos e desfrutamos da danza meiga para despedir o verán libres de malos augurios”, explican.

Na danza da Noite Meiga os bailaríns representan, a través dun canto e dunha coreografía, onde se funde o baile tradicional galego coa danza contemporánea, unha lenda que conta a triste historia de amor entre un rapaz e unha meiga. A danza realízase pasada a medianoite no lar social e no Parque do Chanto, e as Meigas e os Trasgos bailan con fachos arredor dunha fogueira para protexerse dos malos augurios mentres se canta un conxuro para afastar os males, e que a boa sorte acompañe aos asistentes todo o ano. Ademais, durante o fin de semana realízanse diferentes actos preparatorios como a andaina dos fachos polo Malecón do río, concertos de música galega, exhibicións de baile tradicional, festa gastronómica da empanada e de produtos locais, e tamén se or-



ganizan actividades para os máis pequechos durante a tarde do domingo: ‘A tardiña Meiga’.

A Noite Meiga, din, forma parte do sentimento de “Sarrianeidade”, “non hai sarriao ou sarriá que se esqueza desta festividade cando ten que describir a súa vila, e con orgullo sen parangón presumimos da nosa festa máis auténtica que durante anos foi desfrutada por milleiros de visitantes”.

“É o noso fin de ano de agosto e son moitos os sarriaos que residen fóra da vila e que pasan as vacacións na localidade e que marchan despois de espantar os espíritos, polo que esta festividade marca o final das vacacións”.

Por outro lado, cada ano visitan esta festa máis persoas debido “á boa fama que adquiriu a celebración, e existe unha gran participación por parte todos os habitantes, comercio e hostalería. Na andaina dos fachos participa toda a poboación, visitantes e peregrinos, así como o comercio e hostalería patrocinan a festa xa que os preparativos para a mesma e afluencia de visitantes repercuten positivamente na economía da localidade”.

A Asociación Meigas e Trasgos,

como organizadora do evento durante 53 anos e garante da súa continuidade, considera que esta festa cumpre os requisitos necesarios de antigüidade, singularidade e arraigamento para ser declarada de interese turístico galego porque supón unha valoración da cultura e das tradicións populares cunha especial importancia como atractivo turístico.

“Esta declaración é de vital importancia porque favorecerá o financiamento da Noite Meiga, dado que se contará con máis achegas económicas e axudas públicas e poderemos organizar máis actos con maior repercusión e calidade, impulsando a súa divulgación e coñecemento por parte de máis poboación”. Ademais, “a declaración redundará na promoción da vila como localidade singular, dotada de recursos turísticos dignos de ser compartidos con todos aqueles que veñan a visitarnos e queiran pasar con nós unha noite máxica, e en segundo lugar, no impulso da marca: “Sarria, vila meiga e xacobeá”.

Por último, Sarria non conta con ningunha festa declarada Festa de interese turístico, polo que podería ser esta a primeira.

Foron aprobadas varias mocións no pleno



O pleno ordinario de Sarria, que se celebrou o xoves 25 de abril, supuxo a aprobación de diferentes propostas para mellorar a vida da veciñanza da vila.

Pola súa parte, o Partido Popular conseguiu aprobar as súas dúas mocións, nas que pedía a posta en valor do río Celeiro, coñecido tamén como río Pequeno, “con todas as accións que sexan necesarias para favorecer un maior protagonismo como patrimonio natural e paisaxístico do noso municipio”, aprobada cos votos a favor de todos os partidos agás o de Camiña Sarria; e a moción sobre a instalacións de desfibriladores en distintos puntos do municipio para converter Sarria nunha vila cardioprotexida.

O BNG tamén acadou o obxectivo de aprobar as súas mocións, referidas a pedir á Xunta que acometa un peche perimetral “seguro que evite accidentes co alumnado” na contorna escolar do Frei Luís de Granada; e outra para pedirlle ao Concello a adquisición e rehabilitación dos coñecidos como “pendellos do polbo”, xa que as feiras de

Sarria “son un referente cultural e motor económico para o noso Concello, xa que atraen a moitos visitantes durante todo o ano, pero o declive dos mercados gandeiros auspiciado polos cambios de normativas afectou a tódalas feiras e tamén a nosa”. Con respecto ao PSOE, tamén se aprobou a súa moción, na que pedía que dende a administración local se tomen as medidas oportunas, en colaboración coa Xunta de Galicia, para a implantación no municipio dos ciclos formativos de Cociña e restauración, Cociña e gastronomía e Dirección de Cociña, xa que “o sector da hostalaría é un dos principais motores económicos do Concello, vinculado ao Camiño de Santiago, pero existe un problema estrutural ocasionado polo incremento da demanda de persoal cualificado”. Por último, o Goberno local adxudicou o prezo por hora do SAF en 20,03 euros e aprobou a ordenanza fiscal da auga, do lixo e da depuración cos votos a favor de Camiña Sarria, a abstención do PSOE e do BNG e o voto en contra do PP.

TE ESPERAMOS
EN TU TIENDA
OFICIAL
MASlife:

Rúa da
Liberdade, 133.
Sarria.

622 82 62 88



TU ANTIGUA
TIENDA YOIGO

AHORA
TE OFRECE
MUCHO MÁS.

MASlife

Yoigo

MÁSMÓVIL

pepephone

A música clásica encherá Sarria ata setembro



O grupo Ars Combinatoria, a través da asociación Arsactus, organiza un ciclo de actividades para promover o coñecemento dos sarriaos da música clásica, en colaboración co Concello de Sarria. Así, desenvolveranse seis concertos a través do nome 'Sarria Clásica' en diferentes puntos da vila sarriá de forma gratuíta ata setembro, que comezaron o 14 de abril co concerto da soprano Beatriz Ramos e o pianista Ángel González. O seguinte será o vindeiro o 12 de maio na Sociedade Cultural La Unión, onde actuará un cuarteto de corda do grupo Ars Combinatoria.

Xa en xullo, o día 23 o grupo Ars Combinatoria ofrecerá un recital na Casa da Cultura e o día 31 celebrarase un concerto de violinistas con Elsa Ferrer e Andrea Sanzvela na Igrexa de San Salvador. Pola súa parte, o 2 de agosto terá lugar o seguinte concerto, neste caso no local de Meigas e Tragos no Chanto no que actuará a orquestra de corda Ars Principia e rematará

o ciclo de actuacións o 15 de setembro no convento da Merced con Elsa Ferrer ao violín e Canco López á clave.

CAMPAMENTO. Ademais, no marco destas actividades, do 21 de xullo ao 3 de agosto desenvolverase o campamento 'Cuentos pintados con música', no que participarán profesores que actuarán nos diferentes concertos programados na vila. No campamento, motivado polo grupo Ars Principia, poderán participar os nenos e nenas de entre 8 e 20 anos con experiencia na música e, concretamente, nos instrumentos do violín, a viola, o violonchelo e o contrabaixo. Ademais de poder acudir ao concerto do día 23 de xullo, o alumnado do campamento será o encargado de organizar a actuación do 2 de agosto durante o taller. Todas estas actividades buscan dar cabida á música clásica na programación cultural de Sarria e desde a asociación afrontan estas actividades con ilusión.

“O noso obxectivo é difundir a música clásica pola vila”

Falamos con Elsa Ferrer, que é membro fundadora de Ars Combinatoria, que trae a música a Sarria, é profesional da música como violín solista

Cando e por que xorde a Asociación Arsactus?

En 2006 créase a Asociación Arsactus para xestionar a súa actividade musical. Desde entón, Arsactus é a entidade xestora de Ars Combinatoria e a asociación dedícase a difundir a cultura por medio de diferentes disciplinas artísticas, principalmente a música.

Que é Ars Combinatoria?

Ars Combinatoria nace en 1991 da inxerencia por facer músicas de todas as épocas. O grupo, que leva ofrecendo concertos máis de trinta anos, está formado por instrumentistas e cantantes que varían entre un e preto de setenta, segundo o repertorio (música de cámara, orquestra, coro ou ambos). Realiza principalmente unha actividade artística a través dos concertos, á par que desenvolve unha actividade educativa en Ars Principia, sen esquecer a actividade social, xa que arredor dos concertos, achega as súas músicas a sectores máis desfavorecidos.

Cando xorde Ars Principia?

Nos anos 2013 e 2014 comézanse a impartir clases de violín en Sarria e Lugo dirixidas a nenos e nenas que desembocaron nunha orquestrina xuvenil dirixida por profesionais de Ars Combinatoria, polo que se bautizou á orquestra como Ars Principia. Está formada por novos de idades comprendidas entre os 8 e os 20 anos, algúns deles proceden daquelas clases de iniciación.



Cal é a base do ciclo de concertos de música clásica en Sarria?

Sarria Clásica é un ciclo que, na súa maioría, consta de concertos de música de cámara, é dicir, de modelos de pequeno formato (entre dous e cinco intérpretes). Os diferentes programas abarcan desde o Barroco ata música contemporánea escrita hoxe en día. É unha excepción o concerto do 2 de agosto, que será ofrecido pola orquestra Ars Principia, formada por uns 40 novos e novas.

Como foi a organización?

Ars Combinatoria, dirixido polo sarriao Canco López, sempre tivo unha forte relación con Sarria. Nos anos 2008, 2009, 2017 e 2018 creou un Festival chamado Artes no Camiño, no cal César No participaba como artista, e o evento inundou as rúas da vila. Hoxe, desde o seu posto de concelleiro de Cultura, incansable no seu empeño, propón esta idea apostando por un proxecto que coñece ben. O obxectivo de ambas partes, tanto do Concello de Sarria como de Ars Com-

binatoria, é seguir difundindo a música clásica en Sarria e xerar novos públicos.

Por que é interesante esta iniciativa para Sarria?

Sarria goza dunha parte antiga moi fermosa ademais de diversos espazos tanto interiores como exteriores perfectos para este tipo de concertos. Por outra parte, posúe un piano de cola localizado na Casa da Cultura que permite interpretar repertorios concretos. Pola súa parte, conta con una poboación moi variada e, como lugar de partida da última etapa do Camiño a Santiago a través do Camiño Francés, conta con multitude de peregrinos que pasan pola zona constantemente.

Como vai a ser a acollida dos veciños desta iniciativa?

Con moita ilusión volvemos a levar as nosas músicas a Sarria, esperando ser capaces de transmitir tanto a un público xa veterano como a novos oíntes igualmente motivados, que cheguen a converterse en asiduos e entusiastas.

CARPINTERIA METÁLICA

NUESTROS TRABAJOS EN TODA LA COMARCA DE SARRIA NOS AVALAN

- PUERTAS AUTOMÁTICAS • ACERO INOXIDABLE
- ESTRUCTURAS METÁLICAS • ALUMINIO SOLDADO
- ACERO CORTEN • REPARACIONES MAQUINARIA AGRÍCOLA

VIMETAL TALLERES

¡Llámenos y le informamos sin compromiso!

Camíño Francés 43, 27600 Sarria - Lugo
 Fran: 699 823 746 / Jose: 669 951 703 • vimetalsarria@hotmail.com

Tapisa, s.l.

TU FÁBRICA DE SOFÁS A MEDIDA

¡RETAPIZAMOS TU VIEJO SOFÁ!

982 533 165
 646 599 185
 Crta. Comarcal 546, km 21 Sarria

Volve o Mercado Solidario Malicounda Teranga o 1 de xuño

O vindeiro sábado, 1 de xuño, celébrase a III edición do Mercado Solidario Malicounda Teranga na praza da Vila de Sarria, organizado por Hospitaleros Sin Fronteras. Durante a iniciativa, as persoas que se acheguen poderán desfrutar da música, de actividades infantís, de gastronomía e artesanía de Senegal, de roupa, de xoguetes... Todo o diñeiro recadado irá destinado aos nenos e nenas de Senegal, onde a asociación leva meses traballando por construír unha escola para algúns deles.

O ANO PASADO. Na II edición do evento que se celebrou o ano pasado, 2023, púidose degustar o Yassa Poulet, un dos pratos típicos da cociña de Senegal, os nenos desfrutaron de contacontos e pintacaras e dun obradoiro de máscaras e de pintura dun mural africano. Ademais, con respecto



ás actuacións musicais, estiveron presentes Nowelin, Abraham Cupeiro e Tandub. Tamén se recoñeceu o labor do Ceip Rosalía de Castro de Bóveda, xa que plantaran tomates solidarios que venderon para recadar unha doazón para os nenos talibé de Senegal.

TRABALLOS EN SENEGAL. Un grupo de voluntarios da ONG Hospitaleros Sin Fronteras de

Sarria estivo traballando durante meses en Senegal nun centro integral solidario para nenos e nenas talibés. As instalacións atópanse en Malicounda, nun lugar que mercaron desde a ONG co fin de promover este proxecto, que disporá de consulta médica, aulas para dar clase de diferentes oficios; así como tamén terá cociña, almacén e camas para acoller aos voluntarios da ONG.

A Asociación Rúa da Música presentou o seu novo disco

A Casa da Cultura de Sarria acolleu a presentación do novo disco da Asociación Rúa da Música, no que haberá 22 cancións de bandas e artistas diferentes, pero todas elas de Sarria que formaron nalgún momento parte da asociación. Este disco dobre, co que se conmemora o décimo aniversario da asociación, incluírá cantautores, estilo punk, pero sobre todo "moi-to rock", afirma o seu presidente, Jesús Álvarez. "A iniciativa foi do noso socio Carlos Alvaredo, o principal promotor de que se levara a cabo este proxecto e colaboraron con nós os estudos de gravación de Sarria, polo que todo está feito aquí, xa que Sarria ten a fama de que ten máis músicos per cápita que en calquera cidade ou pobo



dos arredores, ademais que ten moita movida musical". O disco, que aseguran que é "conceptual", tamén inclúe narracións entre as cancións, que explican a historia

das bandas e dos artistas, así como da propia asociación a través da voz de Xurxo Souto, o cantante dos Diplomáticos de Monte Alto e o texto escrito de Manuel Poy.

O IES Xograr Afonso Gómez participou en diferentes actividades



O IES Xograr Afonso Gómez de Sarria acolleu diferentes actividades para o seu alumnado. Así, celebrou a II Final do Concurso de oratoria Improvisada na que o alumnado amosou as súas competencias para disertar durante un minuto sobre unha palabra descoñecida previamente. Ademais, no mesmo día tivo lugar a xornada de confraternidade entre o IES Xograr Afonso Gómez de Sarria e o IES Río Cabe de Monforte e o IES Martaguisela de O Barco de Valdeorras, cos que realizaron unha visita guiada por Sarria, un xantar e unha Ruta polas Aceas.

Pola súa parte, os de 3º da ESO, pola súa parte, participaron nunha charla de orientación vocacional no marco do programa educativo 'Que non te lén, ti elixes' impulsado polas Concellerías de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

e de Promoción do Emprego e Igualdade. Dúas representantes femininas do sector forestal impartiron as sesións, compartindo as súas experiencias laborais. Ademais, durante a charla, o alumnado reflexionou sobre a importancia de elixir unha profesión dende unha perspectiva libre de prexuízos sexistas e de estereotipos de xénero.

Por último, o alumnado participou na campaña #Aquítaménséfala de dinamización da lingua galega promovida polo IES Rafael Dieste da Coruña, que consistiu en poñer cartéis polos distintos establecementos comerciais, oficinas, espazos deportivos... de Sarria e facer a foto co cartel colocado. As rapazas e os rapaces estiveron moi motivados, sobre todo os e as de 1º da ESO, que chegaron a colocar preto dun centenar de cartéis.

A Banda de Música Comarca de Sarria organiza 'Pangea'

A Banda de Música Comarca de Sarria anuncia un concerto "moi especial que levamos tempo argallando", explican, e é 'Pangea', unha actuación de Abraham Cupeiro como músico e Carlos Timiraos como director convidado. O evento está organizado pola Banda en colaboración coa Asociación Meigas e Trasgos e trátase

de dun concerto solidario no que os fondos recadados servirán de axuda tanto á propia Banda como á conservación dun dos edificios máis senlleiros da vila, O Meigallo. Así, o 8 de xuño ás 21.00 horas, todas as persoas interesadas en acudir á cita, deberán presentarse na Igrexa do Rosario de Sarria e aportar unha contía de 15 euros.

PINTOR

PINTURAS - BARNICES
PERSIANAS
PAPEL PINTADO
TARIMA FLOTANTE
659 767 936

HOGAR
CORTINAS - STORES
RIELES
ALFOMBRAS
EDREDONES

C/ Benigno Quiroga,
 93-95, bj - 982 533 497
SARRIA (Lugo)

PINTURAS HOGAR
LATAS
 tel.: 659 76 79 36

CREADOS

- PSICOPEDAGOGIA
- EVALUACIONES PSICOPEDAGÓGICAS
- LOGOPEDIA Y LENGUAJE
- PSICOLOGÍA Y PSICOTERAPIA
- ATENCIÓN TEMPRANA (0-6 AÑOS)
- ESTIMULACIÓN PRECOZ (2-3 AÑOS)
- REFUERZO EDUCATIVO ESPECIALIZADO
- ESTRATEGIAS Y TECNICAS DE ESTUDIO

INFANTIL **PRIMARIA** **ESO**

¡Infórmate sin compromiso!

Calvo Sotelo, 183 Bajo
 27600 Sarria (LUGO)
 ☎ 626 21 86 28

Convocado o XXIV premio Fiz Vergara



Xa está convocada a XXIV edición do premio de poesía Fiz Vergara da asociación cultural Ergueitas e o Concello de Sarria. Así, as persoas interesadas en participar poderán presentar as súas obras poéticas inéditas en lingua galega e cunha extensión mínima de 500 versos ata o vindeiro 24 de xuño, enviándoas ao Concello de Sarria por correo certificado. Este certame, dedi-

cado ao poeta Fiz Vergara Vilariño de Samos, premiará ao gañador ou gañadora cun premio de 6.000 euros e a publicación do poemario pola editorial Espiral Maior. Para iso, deberán esperar ata o vindeiro mes de decembro. O xurado estará encabezado polo presidente, o concelleiro de Cultura, César No; e pola secretaria, a presidenta da asociación, María Casar.

A execución das obras na EDAR de Sarria están ao 60 %

José Antonio Quiroga, presidente da CHMS, e o alcalde de Sarria, Claudio Garrido, visitaron as obras de mellora do saneamento e da EDAR de Sarria, actuacións executadas polo Estado e que supoñen un investimento de 3.322.478 euros. O obxectivo da actuación é asegurar unha porcentaxe do 100 % de cumprimento das esixencias da Directiva 91/271/CEE, sobre tratamento das augas residuais urbanas. En xullo de 2019 rubricouse un convenio de colaboración entre o Concello de Sarria, e a CHMS co obxecto de mellorar o saneamento e depuración do municipio. Nos próximos meses escavarase o recinto da obra de regulación, executarase a laxa de fondo do mesmo, instalaranse os



equipos electromecánicos, executarase a superestrutura do pozo e levaranse a cabo as actuacións previstas na EDAR e construíranse as conexións finais ao novo bombeo, poñendo en servizo a parte restante da obra. Neste momento, a execución das obras supera o 60 %. "Estes traballos solucionarán a problemá-

tica de verteduras recorrentes ao río Sarria para evitar a súa deterioración ambiental e paisaxística ante unha masa de auga que cumpre cos obxectivos ambientais fixados na Directiva Marco da auga, pero que estaba sometida á presión dunha vertedura puntual do núcleo de Sarria", explicaron desde a CHMS.

Organízase unha gran programación cultural durante este mes de maio

O Concello de Sarria presentou a súa programación para o mes de maio, que comezou o sábado, 4 de maio, coa celebración do II Rally Regularidad do Club Clásicos, a Pretorian Race e a Feira de Antigüidades e a fin de semana seguinte do 11 e 12 de maio coa Feira de San Isidro con actividades lúdicas, deportivas e culturais así como o Ciclo de Música 'As disonancias con Ars Combinatoria'. Xa o xoves 16 a Casa da Cultura acollerá a Audición de vento madeira e acordeón de música galega ás 19.00 horas e ás 20.00 horas presentaranse os libros Salífero Tránsito e Gacela no Garaxe.

O venres 17 celebrarase un Festival



das Letras Galegas ás 19.30 horas e comezará a audioguía 'Desfeita'. Esa fin de semana, ademais, comezarán os Encontros Máximos no rural, sendo as parroquias de San Pedro de Froián, Louseiro e Vilamaior as protagonistas o sábado; e as de Corvelle, Vilapedre e Oural as do domingo. Este mesmo día, ás 20.00 horas proxectarase a película 'Caras e lugares'. Para rematar, os días 24, 25 e 26 tamén haberá actividades. O venres terá lugar o concerto de piano co Conservatorio Profesional Cantiga, o sábado proxectarase o filme 'Mario Bros: a película' e o domingo representárase a obra 'A viaxe do Señor López'.

Celebraranse as XVII Xornadas Xurídicas

Sarria acollerá unha nova edición das Xornadas Xurídicas dedicadas a Román García Varela do 12 ao 14 de xuño, que será a XVII. A Casa da Cultura é o lugar escollido para o desenvolvemento, que terá como protagonistas os temas da ciberseguridade e os delitos informáticos.

A inauguración do foro contará co presidente do Consello Xeral do Poder Xudicial, Vicente Guirlete; o alcalde de Sarria, Claudio Garrido; a directora da UNED, Ana Traseira, e representantes da Xunta e da Deputación de Lugo. Pola súa parte, o fiscal xeral do Estado Álvaro García pronunciará o relatorio de inauguración das xornadas e

durante os tres días haberá catro mesas redondas moderadas por María Emilia Casas, expresidenta do Tribunal Constitucional; María Concepción Espejel, maxistrada do Tribunal Constitucional; o Rafael Mozo, expresidente do CGPJ; e José Luis Barreiro, expresidente da Xunta. Ademais, nas mesas participarán diferentes profesionais e especialistas do Tribunal Constitucional, da USC, da Agencia Española de Protección de Datos, do Tribunal Supremo, da Audiencia Nacional, da Administración de Xustiza, do Tribunal Superior, e demais estudosos e analistas relacionados co ámbito dos delitos, da ciberseguridade e da informática.

**PERMUY
GESTIÓN**

CORREDURÍA DE SEGUROS

**¡40 AÑOS DE EXPERIENCIA
ASEGUANDO TU TRANQUILIDAD!**

Obtén el mejor seguro al mejor precio con nuestro asesoramiento profesional.

¡No te pierdas nuestras ofertas de abril!

Ven y descubre nuestras promociones especiales en productos de inversión y seguros de salud y decesos.

¡TE ESPERAMOS!

Rúa da Liberdade, 86 27400 SARRIA (Lugo)

982 53 01 47
982 53 50 63
610 221 677



Pontenova
mesón restaurante

Amplia terraza de verano
Servicio de catering
Comida casera
Especialidad en carnes a la parrilla y caza

Tel.: 982 546 003

Catering_meson_a_pontenova
 Meson pontenova

RIO LOYO
Restaurante




982 535 334
697 491 756
Calvo Sotelo, 124
27600 SARRIA
(Lugo)

A Pulperia de Luis

Mesón Castro

Domingo noche / lunes cerrado
Amplia terraza de verano
Comida para llevar

Reservas
Cimo de Agra, s/n - Sarria / Tel. 982 041 697



HOTEL & VEIGA

Calle Compostela 61
Samos - Lugo
Reservas: 982 546 052
www.hotelaveiga.es

- PRODUCTOS ECOLÓGICOS, HUERTO PROPIO
- TERNERA GALLEGA SUPREMA
- ASADOS EN HORNO DE LEÑA
- ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA

RESERVAS:
Telf. 982 546 063

Casa de Aza Padron



A Fervenza
CASA GRANDE & RESTAURANTE

Tel: 982 15 16 30 - info@fervenza.com
Abiertos todos los días, carta elaborada con productos de proximidad
Eventos y reuniones

O MIRALLOS

Comida Casera
Cocidos por encargo
Pollos camperos caseros
(por encarga)

Mirallos 1, Paradela
RESERVAS:
TEL: 639 010 696

“O obxectivo é ensinar como era a música e a roupa tradicional”

Falamos con Martín López Fernández, presidente da Asociación Cultural Gaiteiros de Goián de Sarria que promove actividades para a cidadanía

Por que xorde a asociación?

Xorde arredor do 2013 porque nós, os catro que formamos a Asociación, eramos xente inquieta que quedabamos para tocar. Xuntámonos e acabamos tocando música tradicional nos bares. Ademais de tocar, tiñamos unha inxenuidade sobre a temática da música tradicional e todo o que ía relacionado, como a vestimenta. A min sempre me pareceu que todo canto vías era unha fachada, porque o material e moitas cousas dos traxes tradicionais non existían antes da revolución industrial. Por exemplo, ver as pequenas

está baseado en teas naturais, como o liño, e levamos zocos... Tamén reproducimos pezas antigas que foron aparecendo na comarca de xente que as gardou. Así, levamos polainas e pantalóns de estameña, que é un tecido de la de ovella con serda de animal. Pica e todo. Temos unha costureira que é unha estudiosa do traxe tradicional e así construímos as traxes. Por outra banda, levamos os calzóns longos, que se chaman cirolas e a camisa de liño, máis o chaleco coa estopa e a estameña. As polainas son da Bretoña, que apareceron en Meira. Os pantalóns

ademais ensinar como era a música e as roupas daquela, como parte da cultura da tradición galega. Nós somos un cuarteto tradicional formado por dúas gaitas, un tambor e un bombo, pero unha vez chegamos a ser un sexteto, engadindo un acordeón e un saxofón ou clarinete. Así, imos tocando onde nos chaman arredor da provincia de Lugo e xuntámonos con máis xente como nos Cantos de Taberna.

Como evolucionou a asociación desde o principio a agora?

Eu penso que agora mesmo xa nos coñece todo o mundo na comarca, pero esa é a única evolución, xa que a música tradicional é a que é, entón non evolucionamos moito e tampouco queremos. Hai grandes xenios como Carlos Nuñez que fan cousas moi innovadoras, pero un cuarteto de toda a vida tradicional, baseado na época de 1800 e pico non pode innovar moito. Somos o que somos.

Que actividades se organizan?

Como asociación, organizamos as sopas de allo e pouco máis. Logo tamén nos chaman do Concello para tocar en eventos públicos, como a Feira de San Isidro ou participar dun pasacalles no San Xoán e tamén tocamos moito para nós porque si, ensaiando e tocando. Reunímonos unha vez cada semana e pasámolo ben. A nosa maior actividade consiste en amosar a música tradicional e mostrar o noso traballo, podemos apren-



der cancións novas pero baseadas no antigo, damos a coñecer a música tradicional e os traxes daquela época.

Era necesaria unha asociación deste tipo na parroquia?

Importante sempre é. Nós fixemos a asociación aquí porque eu son de Goián e tirei por isto porque tiña a miña casa, quedamos aquí moitas veces, outro dos compoñentes ten familia de

porque as fai a miña nai, e a receita da festa está baseada na da miña nai. Ademais, antes comíase moito e agora non a hai en ningún sitio, polo que o propuxen e, despois de que os meus compañeiros a probaran, xurdiu a festa, que se fixo en 2018 e 2019 e agora recuperouse trala pandemia no 2024. A pandemia da Covid afectounos moitísimo: non tocamos en ningún lado ata que pasou todo, e iso fixo que perderamos a facilidade para tocar.

Teñen proxectos de futuro?

En principio, seguir como ata o de agora, organizando esta festa e tocando polas rúas. Hai algo que se perdeu e que é moi bonito que son as alboradas que se tocaban pola mañá polos pobos, despertando a xente para empezar a festa diante da súa casa. É unha parte das festas que se perdeu.

Teñen algunha axuda de administracións?

Chamáronnos moitas veces para tocar e pagáronnos, pero nós non pedimos nada, ningunha axuda, porque non somos unha escola de ensinanza, entón non pedimos nada, que nos parece abusivo. Nós compramos todo o material, e entre os traxes e os instrumentos, en total, deixaríamos uns 10.000 euros. É moito esforzo.

“Eu penso que agora mesmo xa nos coñece todo o mundo na comarca, pero esa é a única evolución, xa que a música tradicional é a que é, somos o que somos”

Goián... Ademais, a asociación ten o seu centro cultural aquí, hai que dinamizar a parroquia, aínda que por desgracia o sitio onde estás ás veces é onde menos te valoran.

A festa das sopas de allo, con que motivación xurdiu?

Queríamos facer un evento noso, porque queríamos xuntar a familia e amigos. Eu teño a sorte de comer sopas de allo




coas pedras e roupa negra, iso non existía antes, polo que quixemos ir máis aló e montamos unha asociación para ensinar como se vestía a xente de verdade antigamente. O noso traxe

son reproducións que miramos do 1800 e pico nas feiras dos pobos.

Que obxectivo ten?

O obxectivo é poder tocar xuntos porque se nos daba ben, e



REVESTIMIENTOS FONTAL

INTERIORES Y EXTERIORES EN YESO, MORTERO Y MONOCAPA • PLADUR Y REFORMAS

Plaza de Galicia, 6-8 SARRIA (Lugo)
Tel.: 982 532 571 / Móvil: 629 924 572

¿TIENES TU APARTAMENTO / PISO PARADO GENERÁNDOTE GASTOS?*

***SOLO SARRIA (CASCO URBANO)**

¡SÁCALE RENTABILIDAD YA A TU PISO!!!

GESTIONAMOS TU PISO A LA CARTA
NOS ENCARGAMOS DE TODO

- Promoción en Internet
- Limpieza general
- Lavandería
- Sólidas referencias

INFÓRMATE SIN COMPROMISO

TOURIST HOME
GESTIÓN DE PISOS TURÍSTICOS
Tfno: 650 082 298

Adif suprimirá cinco pasos a nivel en Sarria con 4 millóns de euros

O delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, informou da mellora da seguridade na liña do tren ao paso polas localidades de Ourense e Sarria coa próxima supresión de sete pasos a nivel nos que ADIF inviste sete millóns de euros.

Pedro Blanco percorreu os dous puntos que vai mellorar o organismo do Ministerio de Transportes en Ourense, os cruces de Tarascón e de Peliquín (nos puntos quilométricos 42/743 e 45/245 da liña ferroviaria que conecta Monforte de Lemos con Vigo).

Acompañado de deputados e concelleiros, sinalou a importancia deste tipo de actuacións, que "mellorarán a permeabilidade

transversal nestas localidades e incrementarán as condicións de seguridade para a mobilidade dos peóns e os tráfico ferroviarios e viarios". Pedro Blanco detallou que o ADIF abriu a licitación dos dous contratos (un para cada localidade) o pasado 10 de abril. O prazo de presentación de ofertas finaliza o vindeiro 23 de maio. En Ourense, o ADIF promoverá a supresión de dous pasos con investimento de 2,82 millóns de euros e cun prazo de execución de sete meses.

No caso de Sarria, o contrato inclúe a supresión de cinco pasos a nivel, cun investimento de 4,14 millóns de euros e 18 meses de prazo para executar as obras. En

Sarria, a actuación de ADIF contempla a construción de dous pasos superiores e un paso inferior, así como a reordenación dos camiños. Neste concello, os pasos que se suprimirán son os situados nos puntos quilométricos 386/169, 386/644, 386/975, 387/316 y 388/492 da Liña 800 León – A Coruña.

Estas actuacións enmárcanse no plan de modernización da liña Ourense- Monforte de Lemos-Lugo (117 quilómetros) que o Goberno está acometendo con máis de 550 millóns de euros. Este investimento servirá para reforzar a fiabilidade e a capacidade do trazado e contribuír a mellorar os tempos de viaxe na liña.

A estrada LU-P-5702 en Sarria está sendo renovada

A Deputación de Lugo de Lugo está a executar obras de renovación das obras de drenaxe transversal da estrada provincial LU-P-5702, en Sarria, á altura do quilómetro 1,610. Uns traballos que ascenden a 70.000 euros, e que se realizan pola vía de emerxencia unha vez que o equipo técnico provincial detectou que a vía se atopaba danada neste punto.

As obras execútanse á altura do Rego de Monelo, en San Vicente de Froián, nesta estrada que conecta esta zona sarriá con Pedrafita do Cebreiro por Sabadelle. Os traballos neste treito consisten no desvío do leito do río, retirada das varandas, corte de pavimento,

demolición e retirada da lousa de formigón e tamén dos muros de mampostería, escavacións precisas, execución da cimentación mediante a lousa de formigón armado, colocación de marcos prefabricados, afirmado e pavimentación, execución das aletas con muros, reposición de sinalización horizontal e implantación de sistemas de contención. A maquinaria traballa en todo momento desde a estrada, non se cortará ningunha árbore nin se verá afectada a vexetación ás beiras da auga, e empregaranse materiais que presentan unha boa integración paisaxística como a pedra para a execución das aletas. Pero a vía

manterase cortada neste punto ata mediados de maio para o correcto desenvolvemento das obras e para salvaguardar a seguridade das condutores e peóns. A institución provincial instalará desvíos, co obxectivo de que o corte afecte o mínimo posible aos usuarios e usuarias da estrada.

A mellora da mobilidade é unhas das prioridades do Goberno da Deputación de Lugo, eido ao que se dedican 20 millóns de euros do orzamento. Uns fondos que se destinan á conservación e renovación da rede viaria provincial, a máis extensa de España, con 4.200 km.

Creados organiza un campamento de verán



O centro educativo para nenos e nenas con necesidades especiais en Sarria, Creados, abre o prazo para apuntarse ao seu Campamento de Verán, que se desenvolverá do 1 de xullo ao 6 de setembro. Neste campamento, que terá horario de 10.00 a 14.00 horas, haberá grupos reducidos e diferenciados con horarios diferentes. Así, as actividades adaptaranse á climatoloxía, podendo realizarse no xardín privado da entidade e tamén dentro das aulas habilita-

das para ofrecer clases durante o curso escolar. A programación inclúe unha temática semanal e levaranse a cabo obradoiros e manualidades, así como xogos de auga, ginkanas e visitas sorpresa. Desde Creados defenden que "o equipo está formado por profesionais de distintos perfís". O número de prazas é limitado polo que hai que reservar para poder entrar nos grupos. Unha quincena terá un custo de 110 euros e un mes de 200 euros.

Organízase en verán un curso de monitor de tempo libre

O Concello de Sarria, xunto coa escola de tempo libre Vitae e a Xunta de Galicia, organiza un curso de monitor de tempo libre entre o 4 de maio e o 16 de xuño.

As persoas que poden participar desta formación son aquelas que teñan 18 anos, a titulación de ESO e interese en obter o título de monitor de tempo libre. As clases serán os sábados e domingos de 09.00 a 14.00

horas e de 16.00 a 21.00 horas de forma presencial na Casa da Cultura, unha formación curta, pero intensa.

PREZO. O custo do curso será de 250 euros para as persoas que decidan realizar as súas prácticas da formación fóra de Sarria, mentres que haberá un desconto para aquelas que decidan facelas no propio municipio, para fomentar o ocio na vila.

AS RODAS

NUEVA GERENCIA

MENU

Menú diario 12,50€
Menú fin de semana 15€

ESPECIALIDAD EN PARRILLA

Buffet libre churrasco 29€

Incluye: ternera, cerdo, pollo, criollo, chorizo, patatas, ensalada, pimientos de padrón, postre, bebida, café y chupito.

Churrasco siempre incluido en el menú
 Amplio horario de cocina de 11h a 17h.

Celebración de eventos / Habitaciones

Tels. reservas: 634 494 540
 982 546 749

Lugar Valiña 7,
 Sarria

maderas grandas

MADERAS Y DERIVADOS

PUERTAS

ARMARIOS

COCINAS Y COMPLEMENTOS

TABLEROS Y TARIMAS

San Julián de la Vega s/n, 27614 SARRIA (Lugo)
 Tel. 982 533 505 - Fax 982 531 731
 www.maderasgrandas.com | info@maderasgrandas.com

“Poñémonos no lugar do cliente para que quede contento”

Falamos con Ana Basanta, xerente da tenda de servizos de telefonía móbil, internet e luz MasLife Sarria, que leva un ano á fronte do establecemento

Cando e por que xorde a iniciativa de abrir este negocio?

Este negocio abrírono os meus antigos xefes o 1 de outubro de 2010 e eu comecei a traballar con eles o 6 de outubro. Durante 12 anos e pico estiven moi involucrada na xestión e na tenda, vendo como se facía e que se facía e chegou un punto no que os antigos xefes dixeron que ían pechar o negocio, e eu fixen a proposta de que, xa que o ían deixar e eu sabía o funcionamento e como ía todo, que me quedaría con el. Así, fixéronme unha cesión en marzo de 2023 e desde aquela estou á fronte.

O primeiro ano foi complicado porque foi un ano no que, aínda que a tenda xa estaba funcionando, empecei cunha xerencia nova e ocupábame de todo, poñendo as cousas á miña maneira. Pero a valoración xeral é que foi un ano bo e non estou arrependida de terme involucrado.

Que é unha tenda MasLife?

É unha franquicia do operador loxístico de Yoigo. Ten un distribuidor máster que ten un nome comercial, MasLife, con todas as tendas franquicias de Yoigo. Hai dous tipos de tenda Yoigo, a tenda simple, que só ofrece servizos de Yoigo, e a tenda MasLife, que ofrece os servizos das operadoras virtuais que pertencen a Xfera Mviles SAU, que son MásMóvil, Yoigo, Pepphone, Llamaya, Lebara, Lycamobile e Hits Mobileda.

Por iso, MasLife non é un nome elixido por nós, é o nome da

franquicia. Así, tamén hai tendas deste tipo en Foz, Viveiro, na Coruña...

Que servizos ofrecen?

Ofrecemos servizos de tarifas de móbil, de fibra na casa, de teléfono fixo, os clientes poden contratar servizos de luz da casa, poden mercar teléfonos móbiles en pago único ou aprazado dentro da compañía, tamén ofrecemos teléfonos libres sen vinculación a compañía, vendemos de accesorios para móbiles... Temos tamén paquetes de servizos, como por exemplo un de luz, de telefonía móbil

to completo con comunicación directa. Nós non queremos centrarnos en facer unha venda agresiva; somos sinceros porque dicimos o que hai, se non lle podemos ofrecer nada ao cliente, dicímosllo. Miramos máis polo ben do cliente e intentamos facer paquetes de servizos e minimizar os custos dentro do que o cliente quere. Se xa es cliente eu vou intentar que o beneficio estea no lado do cliente, polo que nos poñemos no seu lugar para que estea contento, en vez de sacar vendas a machete. Preferimos



e de fibra de Internet.

Como é a relación cos clientes?

Nós, o que adoitamos facer, e por iso a xente está contenta, é levar a cabo un asesoramen-

to involucrarnos co cliente para que a medio e longo prazo siga con nós. Intentamos fomentar a fidelidade.

Temos clientes fieis na súa



maioría, aínda que nalgúns momentos cambian, pero sempre volven ou preguntan. Ata hai pouco non tiñamos fibra, pero agora que xa a temos, preguntánnos que lles podemos ofrecer.

Ademais, aínda que non sexas cliente, se nos vés preguntar por outras cousas, sempre temos as portas abertas porque sempre intentamos axudar. Temos algunha persoa maior que non quere involucrarse tanto na tecnoloxía ou o internet, e explicámoslle como vai, ou se lle instalaron unha cámara, paramos e axudámoslle para que entenda na práctica a través duns pequenos manuais para que ao chegar a casa poidan entender o que se lles explicou.

Por que era importante un negocio deste tipo en Sarria?

Esta tenda, cando abriu, xa tiña de competidoras dúas tendas de Movistar, unha de Vodafone e unha de Orange, pero non había de Yoigo, e un dos motivos importantes de abrir como foco de negocio é que era unha compañía que miraba polos clientes e máis sinxela: tal tarifa e tal prezo; non hai voltas nin hai letra pequena. Agora hai máis complicación porque hai máis servizos, pero isto era un

valor engadido para a apertura da tenda. Coa xente envellecida de Sarria era mellor un servizo mais sinxelo e útil para o usuario porque non vale para nada unha tarifa barata sen poder darlle un uso real.

Que é o que destacan os clientes do servizo?

Eu creo que sobre todo valoran que estamos moi pendentes do que eles precisan, adaptámonos a unha persoa maior que se quere meter nun teléfono táctil e aprender desde 0 o seu funcionamento e sabe que imos ensinalle e dedicarlle tempo. Eu xestiono e decido e non me importa desprazarme para acabar de instalarlles algo, xa que eles atópanse máis seguros se ti vas, aínda que sexa doado... Estamos pendentes do que necesitan para que saia o mellor posible.

Como son as instalacións?

É unha tenda pequeniña. Temos un mostrador, unha zona de exposición de accesorios e hai cartelería con promoción. Aínda non temos moitos teléfonos móbiles en exposición, só catro, pero é algo que se está barallando, porque á xente gústalle tocar. Estamos pensando en facer un moble para que vexan máis e así conseguir máis clientes.

SONDEOS CORDERO

Especialistas en pozos de barrena

Más de 30 años de experiencia trabajando en la comarca de Sarria

- Distintos diámetros de perforación desde 125 mm hasta 200.
- Electrobombas solares y eléctricas.
- Hacemos pozos dependiendo de las necesidades de cada cliente.

¡PIDANOS PRESUPUESTO SIN COMPROMISO!

Tfno.: 629 070 720
Triacastela Lugo

CARNICERÍA

Voda




TERNERA PAÍS RUBIA GALLEGA

- Calidad Suprema •
- Tradición y Sabor •
- Cría tradicional •

DIEGO PAZOS 91 BAJO, 27600 SARRIA
TFNO.: 689 412 953 - 982 533 052

COMARCA

Promóvese un programa para facer a declaración da renda

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, informou que os 13.750 veciños e veciñas dos concellos adheridos ao novo programa da Axencia Tributaria para realizar a declaración da renda por videochamada xa poden solicitar a súa cita. Esta iniciativa permitirá que 19 concellos lucenses de menos de 3.000 habitantes poidan ofrecer a persoas de máis de 65 anos un servizo presencial nas casas consistoriais para presentar a súa declaración.

Isabel Rodríguez subliñou a vontade do Goberno para "achegar a Administración Xeral do Estado aos cidadáns, facilitando e prestando axuda ás persoas maiores nas súas xestións de modo presencial". Ademais, explicou que este novo servizo súmase aos existentes como a "Administración cerca de ti" ou o programa de carteiros rurais, ambos coa finalidade de que a veciñanza do rural, sobre todo a de maior idade, coñeza e teña



a posibilidade de realizar trámites desde a súa localidade.

Os concellos lucenses que prestarán este servizo son Abadín, Antas de Ulla, As Nogais, Baleira, Baralla, Begonte, Carballido, Láncara, Navia de Suarna, O Incio, O Vicedo, Pantón, A Pobra do Brollón, Pol, Riotorto, Samos, Sober, Trabada e Xermade.

A subdelegada do Goberno en Lugo agradeceu a predisposición para par-

ticipar nesta proposta pioneira da AEAT, proporcionando espazos para que os contribuíntes poidan realizar as videochamadas. Polo momento, esta iniciativa atópase nunha primeira fase piloto, de xeito que máis concellos dos 158 que integran os chamados de Reto Demográfico en Galicia serán susceptibles de unirse tamén ao programa e levar a cabo a iniciativa.

Dedicaranse 230.000 euros en estradas de Paradela, Baralla e Sarria

A Deputación de Lugo aprobou dúas novas obras por un importe conxunto que supera os 230.000 euros para seguir mellorando a rede de estradas provinciais, neste caso, ao seu paso polos concellos de Paradela, Baralla e Láncara. O Executivo acordou licitar unha obra por 105.000 euros para mellorar un tramo de algo máis de 3 km na LU-P-5709, a estrada que conecta no Concello de Paradela a parroquia de Santa María de Vilamaior coa de Castro de Rei Lemos.

Explicou que estes traballos, que afectan ao treito comprendido entre os puntos quilométricos 10,760 e o 13,875 e que terán un prazo de execución de 2 meses, consistirán na reapertura de cunetas, na reparación dos afundimentos e outros desperfectos da vía, na repavimen-

tación e na reposición da sinalización vertical. "Trátase dunha actuación importante porque esta estrada, situada entre os concellos de Sarria e Paradela, conecta a comarca sarriá coa da Ribeira Sacra e une dúas estradas autonómicas, a LU-633 e a LU-611", valorou García Porto. A Xunta de Goberno tamén acordou a licitación, por 130.000 euros, uns traballos para o arranxo de máis de 10 km da LU-P-0503, que é a estrada provincial que conecta Baralla e Láncara.

Estas obras, que afectan á práctica totalidade da vía, dende o seu inicio ata o punto quilométrico 10,500 e terán un prazo de execución de 3 meses, consistirán na reapertura de cunetas, na reparación de afundimentos e na repavimentación.



PIZZERIA PAPPARAZZI
100% ITALIANI

¡¡OFERTAS ESPECIALES!!

-50% en 2ª segunda pizza familiar

-25% en 2ª segunda pizza individual

Martes
Familias de Jamón e Bacon
8€

Servicio a domicilio

Rúa Diego Pazos, 30 - Balac Sarria

982 012 026

CAFETERÍA EL PARISIEN

Comida para levar

Especialidade en raxo, táboas de embutidos e queixos, racións caseiras, hamburguesas premium...

Calvo Sotelo, 180 * T. 982 530 491 * SARRIA

cafe CUBAN bar

COMIDA PARA LLEVAR

1º PREMIO XV CONCURSO DE TAPAS TAPICHEO '22

Matías López 100, SARRIA - cafeteriabarcubano@gmail.com

Tfno.: 982 886 580

TAPERIA ¡¡¡ATO

Raciones a medida

Comidas por encargo

COMIDA PARA LLEVAR

AVDA BECERREA 15, SARRIA - 982.047.528

LETRAS GALEGAS 2024

Luisa Villalta

Foi unha escritora prolífica e versátil, autora de poesía, narrativa, ensaios, pezas dramáticas, textos xornalísticos e tradutora

A Real Academia Galega escolleu a figura de Luísa Villalta o Día das Letras Galegas 2024. Luísa Villalta constitúe unha destacada representante da cultura galega contemporánea, tanto no ámbito musical como no literario; a súa obra abarca todos os xéneros (poesía, teatro, novela e ensaio literario) sempre dende unha perspectiva renovadora e orixinal. Ademais, foi coñecida polo seu grande activismo cultural, que de xeito constante e desinteresado levou a cabo en colaboración con diversas asociacións culturais, colectivos e proxectos de diversa índole. Luísa Villalta Gómez nace na Coruña no ano 1957, estuda na USC, onde se licencia en Filoloxía Galego-portuguesa e Hispánica. Era tamén titulada superior en violín, ou violino (como ela lle chamaba sempre ao seu instrumento). Formou parte da Xove Orquestra de Galicia e da Orquestra de Santiago de Compostela, así como doutros grupos de cámara. Foi unha escritora prolífica e versátil, autora de poesía, narrativa, ensaios, pezas dramáticas, textos xornalísticos e tradutora.

Paralelamente á súa traxectoria como autora, desenvolveu unha in-

tensa actividade cultural. Participou en seminarios, recitais de poesía, deu conferencias e colaborou en numerosas publicacións periódicas, como Man Común, A Nosa Terra, Festa da Palabra Silenciada, Tempos Novos, Grial, Luzes de Galiza, Agália, Boletín Galego de Literatura, A Trabe de Ouro, Enclave, Páxina aberta, etc.

Muller comprometida, formou parte activa na AELG, no Foro da Cultura Galega, na Mesa pola Normalización Lingüística, etc. Foi militante do Bloque Nacionalista Galego.

A súa esencia persoal e creativa era unha fusión, unha dobre pertenza á música e á poesía. De feito o seu primeiro poemario, leva o título de *Música Reservada* (1991).

Luísa fixo da Coruña o espello da súa obra, unha Cidade Alta reflectida no seu premiado libro *En Concreto* (Espiral Maior, 2004), no que atopamos un dos mellores epítetos para ela "cidade tatuada na pétrea pel do mar".

A morte chegou para Luísa dun modo inesperado, por causa dunha meninxite, o 6 de marzo de 2004. Tiña 46 anos e unha vida chea de proxectos.



A celebración do 17 de maio

A Real Academia Galega o pleno extraordinario do Día das Letras Galegas que lle dedica á escritora Luísa Villalta. A sesión pública, de entrada libre ata completar a capacidade do recinto, terá lugar no Teatro Rosalía da cidade onde naceu e viviu, a Cidade Alta que tanta pegada deixou na súa obra poética ou noutros títulos. As alocucións sobre a vida e a obra da homenaxeada correrán a cargo das académicas Ana Romaní

e Margarita Ledo e do académico Euloxio R. Ruibal.

Para o público máis novo, a RAG ofrece primaveradasletras.gal, onde pode descargarse o conto *Violino, Inglesa e o libro xigante. Pequena biografía de Luísa Villalta*.

Xa no último cuadrimestre do ano, celebrárase o Simposio Luísa Villalta, que reunirá distintas voces que achegarán novas contribucións arredor da súa figura e do seu legado.

A OBRA

POESÍA

- Música reservada. Sada: Edicións do Castro, 1991.
- Ruído. A Coruña: Espiral Maior, 1995.
- Rota ao interior do olo. Lisboa: Edicións Tema, 1995.
- En concreto. A Coruña: Espiral Maior, 2004.
- O Papagaio. Santiago de Compostela: Laivento, 2006.
- As palabras ingravidas. Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, 2020.
- Pensar é escuro. Poesía reunida (1991-2004). Vigo: Galaxia, 2023.

NARRATIVA

- Silencio, ensaiamos. A Coruña: Vía Láctea, 1991.
- Teoría de xogos. Santiago de Compostela: Edicións Laivento, 1997.
- As chaves do tempo. Vigo: A Nosa Terra, 2001.
- Narrativa reunida. 1991-2001. Vigo: Xerais, 2024.

TEATRO

- Concerto para un home só, Cadernos da Escola Dramática Galega, nº 76. A Coruña, 1989.
- O representante, Cadernos da Escola Dramática Galega, nº 85. A Coruña, 1990.
- O paseo das esfínxes, Cadernos da Escola Dramática Galega, nº 88. A Coruña, 1991.
- Os dóces anos da guerra, Revista Galega de Teatro, nº 29. Vigo, 2001

Máis confirmacións no Festival Terra Brava e Tremeterra

Os organizadores do Festival Terra Brava do Incio anuncian que no evento, que se desenvolverá os días 24 e 25 de agosto, actuará tamén Xabier Díaz, sendo o cuarto artista confirmado. Así, sosteñen que están moi contentos, xa que “despois de 2 anos intentándoo, por fin e grazas a Xabier, demos feito realidade o soño de traer ao escenario do Terra Brava a todo un referente na música tradicional, que non falte nunca nos nosos festivais, Xabier Díaz”. Ademais, virá acompañado das voces de Adufeiras de Salitre, que farán pasar unha noite “inesquecible” a todas as persoas que se acheguen a participar do festival no Incio.



que fai historia na escena no 2004, tras o lanzamento do agora clásico “Steppactivism”. Mentres, Higher Meditation é descrito polos organizadores como “un talentoso produtor francés que atopa o seu fogar creativo no Vibronics Studio, onde dá forma e mestura a súa música”. Con respecto a Nia Songbird, esta cantante e compositora atopa a súa paixón pola música aos 14 anos e medra influenciada polo Dub nun fogar no que a música é un membro máis da familia. Mr. Zebre é un dub-

maker francés que leva unha década na escena musical, compoñendo e mesturando con músicos de diversos horizontes. Baboon Prophecy nace a ritmo de reggae e hip-hop en Palma del Río, Córdoba, cun proxecto musical influenciado polas melodías da música reggae, soul, jazz, música tradicional africana e funk. High Paw, unha vocalista e compositora de Vigo, estará xunto a Baboon Prophecy o 30 de agosto. E, por último, actuará Chapamama Crew, un colectivo de deejays multixénero de Vigo.

FESTIVAL TREMETERRA. Os organizadores da terceira edición do Festival Tremeterra que se celebrará os vindeiros 30 e 31 de agosto confirmou máis artistas: Weeding Dub, Higher Meditation, Nia Songbird, Mr. Zebre e Baboon Prophecy, todos eles actuando o 30 de agosto. Weeding Dub, pola súa parte, é produtor e músico multiinstrumentista

Rehabilitarase o lavadoiro de Hospital



O Concello do Incio levará a cabo a rehabilitación e acondicionamento do lavadoiro do núcleo de Hospital coa colaboración da Xunta, a través de Turismo de Galicia, que concede a esta actuación 29.469 euros no marco das axudas a concellos de ata 10.000 habitantes para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas. Esta actuación busca a integración dos elementos que conforman o patrimonio etnográfico, neste caso o lavadoiro de Hospital, que se atopa no núcleo rural do mesmo nome, a escasos metros da igrexa de San Pedro Fiz de Hospital: Igrexa románica

de finais do século XII, declarada Ben de Interese Cultural. As obras van consistir na rehabilitación do lavadoiro e o acondicionamento da contorna, coa pavimentación do acceso ao mesmo e a integración do lavadoiro no espazo público do núcleo. A intervención vai centrar na rehabilitación do lavadoiro, repoñendo a cuberta de madeira de castiñeiro e lousa reparando os muros, acondicionamento da contorna e o acceso á mesma para favorecer a súa funcionalidade e integración na vida do propio núcleo e o prazo de execución dos traballos será de tres meses.



NOS GUSTA VERTE SONREIR Y...
MUY PRONTO TE SACAREMOS TU MEJOR SONRISA



Rúa Pedro Sacro, 37



CLÍNICA
OBRADOIRO
DENTAL

triacastela

Recupéranse muros de pedra do Camiño



O alumnado do Obradoiro de Emprego Comarca de Ancares VI levou a cabo estes días unha actuación de restauración ambiental na contorna do Camiño de Santiago no Concello de Triacastela. Dez alumnos, cinco do Concello de Triacastela e cinco do Concello de Pedrafita, son os encargados de levar a cabo estes traballos, que

consistiron na recuperación dos muros de pedra e pavimentación do Camiño. Trala formación do obradoiro de emprego, no que participan os concellos de Cervantes, Navia de Suarna, Pedrafita do Cebreiro e Triacastela, os alumnos recibirán o certificado de profesionalidade de Operacións auxiliares de fábricas e cubertas.

Presentouse 'Oribio. A montaña viva' nun gran acto

A publicación 'Oribio. A montaña viva' presentouse en Triacastela. Esta publicación, impulsada pola Xunta de Galicia, ten como obxectivo promover os valores ambientais, paisaxísticos e culturais deste espazo natural, tal e como subliñou a conselleira.

Durante o acto de presentación da publicación, Ángeles Vázquez cualificouna como unha "auténtica enciclopedia", que, a través das fotografías e textos de José Manuel Salgado, permite coñecer o "incalculable valor natural

e ambiental" desta contorna que forma parte da Reserva da biosfera Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel.

Nesa liña, a conselleira incidiu en que O Oribio é un espazo natural "cunha personalidade singular e propia", onde se combina a riqueza natural dun hábitat de montaña, que destaca pola súa biodiversidade e o seu interese paisaxístico, con importantes valores patrimoniais e culturais, como, por exemplo, ser unha das primeiras etapas en Galicia do Camiño de Santiago.

Os actos de homenaxe a Santiago Rodríguez foron "moi emotivos"

O Concello de Paradelas homenaxeou a Santiago Rodríguez, o paradelense fillo de Manuel Rodríguez, que faleceu o pasado 19 de marzo en Bristol. Así, oficializouse un acto relixioso a cargo de Luis Varela Castiñeira, coengo prefecto da música da Catedral; José Veiga Maceda, párroco; Julio Fernández Doval, vicario Xudicial da diocese e párroco, e Francisco Moreiras Calvo, párroco. Durante a misa, actuou o Orfeón Lucense baixo a dirección de Marcos Fernández e, a continuación, tivo lugar o acto civil, no que Martín Vázquez, director da Banda de Paradelas, interpretou 'Bombardino das capas pardas'. Pola súa parte, Xulio Xiz recitou 'Santiago



e Manuel, no ceo dos galegos'. O título de Fillo Adoptivo foi entregado á familia do falecido por parte da alcaldesa, Montserrat Mulet. Carlos Rodríguez, fillo de Santiago, verteu unhas palabras no acto e, como remate, os Gaiteiros de Paradelas to-

caron a marcha solemne do Antigo Reino de Galicia. No cemiterio, o Orfeón Lucense cantou 'Salve Regina' e os Gaiteiros de Paradelas pecharon o acto co Himno Galego. Montserrat Mulet, cualificou os actos como "moi emotivos".

O 15 de maio celébrase a Feira do Ano e Festa de San Cidre

O vindeiro 15 de maio celébrase a XXXIII Feira de Ano e Festa de San Isidro de Paradelas, que incluírá diversas actividades culturais, como a Feira de maquinaria agrícola e a Feira de Artesanía no recinto feiral. Todo comezará ás 10.30 horas coa chegada de gando ao Multiusos para que as persoas que se acheguen poidan ver as reses a partir das 11.00 horas. Xa ás 12.00 horas terá lugar a actuación da Charanga de Paradelas. Pola tarde, ás 17.00 horas, haberá un desfile de carros, gando e cabalos do país acompañados pola Banda de Paradelas e ás 17.30 horas terá lugar a misa no Cam-



po da Feira. De novo, a Banda de Paradelas actuará ás 19.00 horas e ás 20.00 horas será a quenda da Orquestra Los Satélites. Para rematar o día, haberá degustación

de Tenreira Galega Suprema, pan de Paradelas e viño da Ribeira Sacra nunha cea popular e ás 23.00 horas terá lugar a festa e verbena coa orquestra.

ALBORADA
CLÍNICA VETERINARIA

- MEDICINA PREVENTIVA
- MEDICINA GENERAL
- CIRURXÍA TEJIDOS BLANDOS
- PELUQUERÍA
- TIENDA ESPECIALIZADA
- LABORATORIO
- DIAGNOSTICO POR IMAGEN

y mucho+

URGENCIAS 24H
646 046 954

WWW.CVALBORADA.COM · 982 53 36 59
Rúa Caneiro, 1-3, baixo · 27600 · Sarria · Lugo

CLASES IMPARTIDAS POR UN:
Multimedallista nacional
Bicampeón de España absoluta
Bronce Europeo 2019
Campeón de Europa por equipos en 2021
Mundialista en 3 ocasiónes, 2018, 2022 y 2023

Escuela de
TAEKWONDO
SARRIA

MEJORA DE CONDICIÓN FÍSICA
AMISTAD TRABAJO EN EQUIPO DISCIPLINA
CONFIANZA AMBICIÓN HUMILDAD RESPETO

@AC_TAEKWONDO AC TAEKWONDO 664 765 985

A Asociación de Mulleres Rurais organiza unha viaxe

A Asociación de Mulleres de Paradelas organiza unha viaxe a Toledo e Puy du Fou do 17 ao vindeiro 19 de maio, na ponte festiva polo Día das Letras Galegas.

Durante a viaxe, aloxaranse en Ocaña e visitarán Toledo nunha visita guiada para coñecer os seus monumentos medievais, árabes, xudeus e cristiáns na cidade amurallada.

Desfrutarán do parque temático Puy du Fou, con temática histórica e inclúe espectáculos.

Ademais, as participantes desfrutarán do espectáculo 'El sueño de Toledo'.

“Vidul é a base ou a miña esencia como persoa e escritora”

Falamos con Sonia Arias, escritora paradelense e autora do libro ‘Los zapatos del lobo’, unha obra que trata temas sociais

Sonia Arias López, escritora e autora do libro ‘Los zapatos del lobo’ é dunha parroquia de Paradela que se chama Vidul, “onde os nenos sempre estabamos mesturados cos maiores. Iso valeunos para rozar a madurez con certa precisión e tamén colleitar valores que resultan difíciles de esquecer; dende os cales podemos ver un cambio importante na sociedade sobre todo referido aos avances tecnolóxicos. Teño as ideas claras, pero nunca fixas, e tras estudar psicoloxía positiva aprendín a ampliar perspectivas e a ser máis flexible”. Para a escritora, o amor por este mundo vén das lecturas, pero tamén vén por “non soportar un mundo cheo de inxustizas e ter en conta a aprendizaxe de saber canalizar as emocións que iso me deixa no día a día. Aprender polo camiño sen deixar de escribir sobre as persoas que, dalgún xeito, son capaces de apodrentar toda a froita do cesto. Non é fácil, ás veces, chegar á tranquilidade cando a sociedade segue mostrando a cara do egoísmo, racismo, maltrato...”, explica. Referido a inspiración, sostén que hai uns momentos máis propicios para desenvolver o feito literario, “pero a inspiración realmente non existe, o que existe é o traballo diario, a constancia ou a paixón por algo. No meu caso a observación xoga un papel importante”. No 2018 sacou o seu primeiro libro de poesía, Campos de batalla, e no 2019 publicou Manchas de frío; ámbolos dous a través da editorial Angels Fortune Editions. “Os dous son

unha poesía reivindicativa onde falo de temas sociais, pero de maneira poética. Cada un deles trata de distintos temas para ampliar canto poida todo aquilo do que considere que teño que falar” explica Arias.

O MÁIS PERSOAL. Sonia Arias escribe sempre poñendo como escenario Vidul, a súa parroquia natal, onde viviu os primeiros vinte anos da súa vida e para ela “é a base ou a esencia como persoa e como escritora”. Tamén ten moitos recordos e lembranzas do seu pai e avós, así como as grandes amigas, “resaltando a miña mellor amiga, que é de alí e por fortuna podo gozar hoxe en día dela. Seguimos sendo as mesmas”. Por outra parte, Arias sostén que escribe “porque parte todo dunha necesidade persoal, onde se trata de sacar o que teño

pan na actualidade, a verdade é que quedo moi satisfeita. Outro tipo de compensación non persigo”. Ademais, di que se sente querida en xeral, “pero non son unha persoa que busca a aprobación de todo o mundo en ningún aspecto da miña vida”.

ARREDOR DA LITERATURA. Con respecto a se participa en clubs de lectura, di que non o fai “por falta de tempo, pero si que leo moitos libros e interésome por ler os que me recomentan os bos lectores. Paréceme unha idea interesante para mover e fomentar a cultura, como as presentacións, que son unha forma de dar a coñecer un libro de maneira íntima ou achegada e poder establecer un diálogo cos lectores”. Da mesma maneira faino na composición das súas obras, xa que escribe “con moita honestidade e



dentro para entender o que sinto. Darlle sentido e lugar á emoción”. Por iso cando escribe “sobre eses temas ou asuntos que me preocu-

sen disfrazar nada. Falo da realidade coas seis emocións básicas que no seu día identificou Paul Ekman: enfado, tristeza, sorpresa, alegría,



medo ou asco, porque para min forman parte dun esquema inicial para tocar calquera tema da actualidade e tamén forma parte da miña liberdade”, destaca. Ademais, cre que cada xénero serve para contar cousas ou temas distintos. “Pode que a poesía sexa algo máis natural no que cada vez intento concentrar máis intensidade con menos palabras. Pero co relato vexo outra disciplina porque necesito outro tipo de información, datos, estudos ou simplemente moitas lecturas de novela como no caso de Los zapatos del lobo, que lin novelas de feitos reais con testemuñas necesarias e emotivas da literatura concentracionaria que me axudaron a ser máis valente dentro dos temas delicados”.

LOS ZAPATOS DEL LOBO. Afondando no libro, este é unha obra de “valentía”, tal e como sostén Sonia Arias, composta por todos os temas que lle parecen interesantes con respecto á sociedade “e dos que a xente non fala por medo”. Así, di que “estou sendo a ovella negra da sociedade e empatizo moito coa si-

tuación da sociedade marxinal”. Así, no libro fixo unha análise sobre a violencia de xénero, o suicidio, o acoso escolar e máis temas duros nos que quere involucrase. Tamén ten puntos de humor, xa que quere “rebaixar o nivel de crispación que hai na sociedade” con humor, pero tocando todos os temas. Los zapatos del lobo, en definitiva, “trata de poñerse no lugar dos demais, empatizar de verdade, e sobre todo nos lugares pequenos”.

PROXECTOS FUTUROS. Ao ser preguntada polos proxectos futuros, a escritora sostén que os escritores “somos mentes inxeridas, así que sempre vai haber algo”. A editora do libro Los zapatos del lobo, Isabel Montes, confirmou na presentación que proximamente “empezaríamos a gravar unha curtametraxe dun relato do meu anterior libro Manchas de frío e estamos rematando coa adaptación do guión. Sen dúbida é unha editorial que evoluciona e prospera con paso firme e da cal me sinto moi orgullosa”, conclúe.

MARMOLES VILARIO

ESPECIALISTAS EN

- PIEDRA NATURAL
- PORCELÁNICOS Y CUARZOS
- ENCIMERAS DE VANGUARDIA
- GRABACIONES EN PIEDRA
- MOLDURADOS

*De las más prestigiosas marcas del mercado

Políg. Ind. Balmao - Betote, S/N
27617 - Sarria (Lugo)

Tel. 982 532 577 - Fax 982 532 577

marmolesvilario@hotmail.com

www.marmolesvilario.com

OFERTA EN BICICLETAS Y ACCESORIOS DE FIN DE TEMPORADA

CONSULTANOS SIN COMPROMISO

Rúa María Barbeito 2, Polígono Industrial As Gándaras
27003 Lugo - Tel.: 982 816 138
www.mybike.es

‘Chibos chibóns’, novo capítulo do podcast



Os nenos e nenas de 3º de Primaria do Ceip Plurilingüe do Páramo veñen de gravar o terceiro capítulo do seu podcast ‘Voces do Páramo. A casa dos contos’, baixo o nome de Chibos Chibóns. A través deste proxecto innovador, o alumnado e o promotor da iniciativa, o seu titor e profesor Antonio, traballa diferentes aspectos das materias de Lingua Galega e Matemáticas está a desenvolver con eles. Neste caso, o terceiro capítulo trata de tres chibos que vivían no alto dunha montaña: o chibo

chibón pequeno, o chibo chibón mediano e o chibo chibón grande. “Un día viron unha herba moi verde que crecía ao outro lado do río. Pero para chegar había que cruzar unha ponte e debaixo dela vivía un ogro terrible que non deixaba pasar a ninguén. Así pois, o chibo pequeno, o chibo mediano e o chibo grande tiveron que argallar a forma de burlar ao monstro. Unha historia que nos amosa que a intelixencia e o enxeño poden máis que a forza física...”, explican.

Galicia Sempre esixe ao Goberno o mantemento das estradas

O grupo municipal Galicia Sempre do Páramo presentou unha moción para demandar a posta en marcha dun plan de mantemento de estradas, instando a que o Goberno local actúe sobre as vías en mal estado de forma urxente, que foi rexeitada. Para poder reparar as pistas, Gomersindo Rodríguez, portavoz do partido, animou ao Goberno local a pedir axudas doutras administracións e tamén dixo que era necesario crear unha comisión de seguimento do plan, no que propuxeron colaborar como oposición. Ademais, tamén pediron no pleno que se dera unha solución aos problemas para o paso de camións na ponte de Ribas de Miño, e que se ensanchase un camiño desta parroquia e o pavimentar unha pista en Guisande, que tamén foi rexeitada. Tamén esixiron o desenvolvemento dun plan especial para dotar ao municipio dunha zona urbanizable industrial, seguir coas obras de saneamento en Friolfe e máis me-



lloras nas vías, que tampouco foi aprobado. Finalmente, criticaron que aínda non se entregara a Casa Amelia a ningunha empresa para poder levar a cabo a residencia de maiores.

ACTUACIÓN LOCAL. Pola súa parte, o Goberno local do Páramo comunicou que utilizará parte do presuposto do Plan Único da Deputación de Lugo para mellorar varios viais, como a pavimentación de accesos aos núcleos de Pozo, Grallás,

Barreira, Vigo de Friolfe e Cendo; tamén o acondicionamento de camiños municipais das parroquias de Neira e Vilarmosteiro; así como a mellora do firme na estrada que une Beleigán e Reascos, e do camiño de Piñeiro ao campo de fútbol vello. Por outra parte, o Plan Único tamén servirá para financiar o SAF, para contratar persoal, manter a administración electrónica, para organizar a Feira de Primavera e para actividades deportivas dedicadas aos maiores.

Instalarase un parque híbrido solar-eólico en Friolfe

O Páramo poderá contar cun parque solar despois de que a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Xunta outorgara a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación solar fotovoltaica no parque eólico Serra do Páramo. Así, cunha hibridación das dúas construcións,

o parque solar contará cunha potencia de 3.200 kW xa que se instalarán 5.700 paneis solares, pero a instalación poderá acadar os 23.200 kW, contando coa potencia do parque eólico. Esta construción situarase en máis de seis hectáreas de terreo de seis leiras de particulares en Friolfe e custará uns 2,7 millóns de euros.

As festas de Friolfe celebraranse os vindeiros 15, 16 e 17 de xuño

A parroquia de Friolfe, no Páramo, celebra as súas festas na honra de San Xoán e a súa primeira Ruta Cabalar os vindeiros 15, 16 e 17 de xuño. Así, o día 15 comezará a festa ás 10.30 horas, cando sairá a ruta cabalar, que contará con pinchos a medio camiño. Ás 12.30 horas será a misa e procesión e ás 13.30

horas celebrase a sesión vermú co Dúo Tropical. Xa ás 15.00 horas terá lugar a comida no campo da festa, que terá un prezo de 25 euros para os adultos e de 15 euros para os menores de 13 anos; e a tarde estará amenizada polo Dúo Tropical. Pola súa parte, o domingo 16 de xuño comezará a festa ás 13.30

horas coa misa solemne, mentres que a sesión vermú estará amenizada polo Grupo Eureka. Xa á noite, haberá verbena co grupo Eureka e a Orquestra Cinema. Por último, o luns 17 de xuño haberá sesión de noite e verbena co Dj Goteo e a Orquestra La Fórmula, que pecharán as festas da parroquia de Friolfe.

**PREFABRICADOS
Y HIERROS
TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO
SERVICIO:
PLANTA DE
HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34

27614 Sarria - Lugo

Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501

Móvil: 629 802 700 - 629 817 933

email: hierrostouron@gmail.com

O Páramo

Gumersindo Rodríguez, portavoz de Galicia Sempre, foi o alcalde do municipio durante 36 anos

Gumersindo Rodríguez entrou na política local do Páramo con 32 anos co partido político Coalición Galega, co que gañou as eleccións dúas veces, sendo alcalde durante dúas lexislaturas representando este partido. Porén, no ano 91, cambiou de partido para liderar aos populares do Páramo e gañar as eleccións locais sete veces seguidas. Con isto, Gumersindo Rodríguez foi durante 36 anos alcalde do Páramo, ata que decidiu dar un paso ao lado e preparou o seu relevo para deixar a alguén máis novo como rexedor. “Durante 36 anos movínme e fixen cousas, pero chegado o momento quixen deixarlle o relevo a un compañeiro, pero non cumpriu os obxectivos”, explica. Por iso, algunhas persoas do PP que non estaban de acordo en que esa persoa liderase o proxecto popular, decidiron formar un partido político independente: Todo polo Páramo, liderado por José Luis López, que se presentaron nas eleccións de 2019 e gañou. “Dixéronme que se eu me poñía na cabeza da lista polo PP, en vez do rapaz que eu elixira, non habería unha lista independente, pero así saíu”. Porén, para estas eleccións de 2023, a cabeza de lista popular foi José Luis López, desintegrando o partido de Todo polo Páramo, e Gumersindo Rodríguez decidiu formar o seu propio partido político: Alternativa Veciñal polo Páramo, “aínda

“A vida ensínache a valorar o que tes e na política tamén, as aspiracións non poden ser de construír torres de babel, hai que facer cousas pequenas.”

que ao final quedámonos integrados no de Galicia Sempre porque, xuntamente con outros partidos independentes de Lugo, queríamos conseguir un deputado na Deputación de Lugo”. Así, Galicia Sempre conseguiu 3 concelleiros e o PP 6. “Viron que Sindo non estaba tan gastado como pensaban”, sostén.

O TRABALLO DA OPOSICIÓN. O labor de oposición para Rodríguez é “máis fácil do que é estar no Goberno local, aínda que estou máis acostumado a ser alcalde, xa que o fun durante 36 anos”. El cre que o papel do que non está no Goberno é “informar ao pobo o que se está facendo e como se están gastando os cartos, aínda que nós estamos tendo problemas para coñecer os datos de certas actuacións. Hai que facer que o Goberno poña énfase noutros sentidos que non ve, pedir melloras para o pobo, e fas algo de regulador, para animar ou para frear. Velar polo que ti farías ou o que é beneficioso para os veciños e que teñan cousas que necesitan, porque pagan. Ademais, todo o que se poida facer será pouco, podes ter unha idea do que necesitan os veciños pero hai que falar con eles”, argumenta.

“Eu sempre antepuxen os intereses dos veciños ao dos partidos, sendo alcalde e sendo oposición. Eu non estou aquí para render tributo ao partido nin para facer carreira política, eu estou aquí para axudar aos veciños. Polo partido de hoxe ou polo que sexa, a actuación ten que ter o mesmo norte: ser útil e intentar resolver aos veciños as necesidades e traballar, traballar e traballar. Eu son unha persoa que traballa, eu nunca desfrutei da política”, explica. Por iso, di que nunca tivo ningunha aspiración política. “Agora estou xubilado, pero empecei aos 32 anos e pensaba no porvir, pero a vida ensí-



nache a valorar o que tes e na política tamén, as aspiracións non poden ser de construír torres de babel, hai que facer cousas pequenas porque a vida diaria nótrese de cousas pequenas. Hai que valorar o que tes e cos pes na terra hai que ser sensatos e saber o que podes conseguir”, sentenza.

AS NECESIDADES. Segundo explica o portavoz da oposición, O Páramo ten diversas necesidades que resolver, aínda que poida “parecer paradoxo dicir que hai necesidades despois de tantos anos gobernando. Eu fun alcalde e nunca está todo feito”. Así, Gumersindo defende que agora mesmo hai a necesidade de “marcar un solo industrial, xa que non hai polígono industrial e hai necesidade de facer un plan especial con plan urbanístico e un polígono industrial con impacto ambiental, estradas...”. Por iso, no último pleno do 30 de abril, Galicia Sempre presentou tres mocións “razoables

e popularmente ben vistas”, pero non foron aprobadas polo Goberno local. “Pedimos o saneamento dun pobo, a mellora doutra parroquia e unha proposta para elaborar un plan ambicioso para mellorar as estradas, xa que eu en 2019 deixei un remanente de case 800.000 euros e, aínda que agora haberá menos, pódense tapar os buratos das estradas e para que a xente poida vivir mellor. Estrañounos que nos rexeitaran as nosas mocións porque era bo para O Páramo”. Por outra banda, di que é necesaria a residencia de maiores, así como “moitas obras e servizos básicos que non se están levando a cabo, como o SAF, xa que hai moita dependencia e é un pobo envellecido. Hai persoas que non están recibindo o servizo necesario. Isto é deixadez de funcións, ademais de obstrución, xa que nós pedimos os datos, pero non nolos dan. Por isto iremos á Valedora do Pobo ou ao Xulgado, porque non se están cubrindo as horas”, remata.



A Anpa e o Concello organizaron exhibicións



A Anpa do CPI Ramón Piñeiro e o Concello de Láncara organizaron, na Pobra de San Xiao diversas exhibicións deportivas no pavillón municipal.

o Concello de Láncara, pola súa parte, promoveu a primeira xornada deportiva 'Láncara en igualdade' o 30 de abril, no que o alumnado das Escolas Deportivas de Láncara desenvolveron unhas exhibicións no pavillón municipal na Pobra de San Xiao. Tamén se celebrou o partido de exhibición do EDM Láncara mixto, os partidos de exhibición de fútbol sala mixto co EDM Láncara Biberón, outro co EDM Láncara alevín, infantil e cadete; e outro do EDM Láncara prebenxamín e benxamín. Estas actividades formaron parte da programación da XXV Feira da Tenreira de Láncara.

EXHIBICIÓN DA ANPA. Pola súa parte, a Anpa organizou outras exhibicións deportivas o 1 de maio, unha iniciativa es-

tivo dividida en dous bloques: un de ximnasia rítmica e outro de *kung fu*, froito do adestramento e o traballo de alumnado e profesores nesta actividade extraescolar que organiza a asociación de nais e pais.

En ximnasia rítmica, as vinte e dúas alumnas, dirixidas por Lucía Sánchez Castro, realizaron quince exercicios grupais e individuais, adaptados ás súas idades e coñecementos, e con diferentes accesorios, como corda, pelota, aro ou mazas.

En *kung fu*, o adestrador Jose Nunes traballa semanalmente con sete nenas e nove nenos e rapaces, e preparou un especial dedicado á historia das mulleres nas artes marciais para fomentar a práctica deste deporte entre as nenas.

Así, no transcurso de catro escenas diferenciadas, realizaron exercicios de rodadas, ataques e coreografías, incluíndo tamén accesorios como dardos chineses, varas ou lanzas.

A XXV Feira da Tenreira de Láncara foi todo un éxito

A XXV Feira da Tenreira Galega, que se desenvolveu no campo da feira da Pobra do San Xiao, acolleu a participación de centos de persoas o 30 de abril e 1 de maio. Así, desenvolvéronse actividades como a XV Festa dos Avós, os cantos de taberna, actuacións musicais, degustación de tenreira galega suprema, exhibicións das Escolas Deportivas Municipais no pavillón, postos de artesanía e cestería, así como houbo unha poxa de vacas xovencas organizada por Acruga. Ademais, houbo tamén unha degustación gratuita de queixos artesanais e sidra ecolóxica do país, un percorrido polo recinto feiral con visita ás instalacións do gando, a actuación de baile tradicional galego dos nenos da Asociación Cultural Val de Láncara, a exhibición 'Duende Ecuéstre', e a entrega premios do concurso de gando vacún e o sorteo dunha becerra. Desde Acruga sosteñen que a súa



primeira poxa celebrada nesta Feira, na que se adxudicaron catro xovencas do centro de recría da Granxa Gayoso Castro, foi todo un éxito. "Os resultados foron moi positivos, debido a que houbo moitísimo público e máis de 20 gandeiros e criadores que retiraron tarxetas acreditativas, dado o seu interese en adquirir algún destes exemplares", explican. Así, a poxa finalizou coa

adxudicación dos catro exemplares cun prezo medio de 2.500 euros. A cotización maior foi para unha xovenca adquirida por 2.600 euros por un gandeiro do Corgo. Os outros tres exemplares leváronos criadores de Sarria, Friol e Baralla. Ademais, participaron na exposición de exemplares, cuns 75, e realizaron un concurso para expoñer os mellores de Raza Rubia Galega.

O CPI Ramón Piñeiro cumpre 50 anos

O CPI Ramón Piñeiro celebra este ano o seu 50º aniversario e o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, Román Rodríguez, asegurou que o centro é a "canteira de talento de toda Láncara grazas aos anos de traballo e dedicación do alumnado e do equipo docente".

Tamén fixo unha mención especial a Xurxo Rodríguez, docente veterano do centro que se xubila este ano e que foi, ademais, profesor do propio conselleiro. Ademais, durante a súa visita, Rodríguez tamén visitou as in-



talacións, que conta con máis de 200 estudantes e que é "unha referencia e un exemplo da igualdade de oportunidades para o alumnado do rural

pola súa participación en programas de innovación, vida activa, deporte e linguas como o Edixgal, o club de ciencia ou a sección bilingüe".

CARPINTERÍA METÁLICA



- CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC
- PUERTAS, VENTANAS DE ALUMINIO
- VENTANAS DE PVC
- CIERRES EXTERIORES DE ALUMINIO LACADO
- PUERTAS MOTORIZADAS SECCIONALES Y DE CORREDERA
- MAMPARAS DE BAÑO Y MOSQUITERAS



CAMIÑO FRANCÉS

C/ Camiño Francés, 41 Sarria (Lugo)
Tel.: 672 149 386 / 982 009 270
caminofrances.aluminios@gmail.com

MADERAS GUILLAR

COMPRAMOS MADEIRA DE TODO TIPO: CASTAÑO, CARBALLO, PINO, EUCALIPTO

(fincas de calquera tamaño)

ENCARGÁMONOS DE TODO PAGO INMEDIATO



645 958 789 (Pablo)



660 517 860 (José Angel)

CHÁMENOS SEN COMPROMISO

“Imos inaugurar unha exposición sobre a vida de Elvira López”

Falamos con Olga Goyanes, da Asociación San Martiño de Río de Láncara, a única entidade social desta parroquia lancaresa

Cando xorde a Asociación San Martiño de Río de Láncara?

A Asociación San Martiño de Río de Láncara xorde en agosto de 2019, nunha comida que os veciños decidimos celebrar todos os anos desde 2014 na que nos xuntamos os antigos alumnos do colexio de Río. Ese ano, en 2019, decidimos facer unha asociación co obxectivo e finalidade de revitalizar e potenciar

mos máis de 100 persoas.

Que iniciativas promoveron ata agora?

Pois a asociación naceu en agosto de 2019 e pouco despois veu o Covid, polo que non nos deu tempo a facer ningunha actividade concreta. O que si fixemos é pedirlle axuda ao Concello de Láncara, xa que o colexio de Río é de titularidade municipal e axudounos a ir mellorando o

o que xorda. Desde o Concello mostráronse colaboradores con nós e cambiaron as ventás, arranxouse o tellado e limpárono. Agora, pedimos unha subvención á Xunta de Galicia para poder cambiar o chan porque temos medo de que afunda e, despois, coa cesión do Concello, utilizarémolo e darémoslle dinamismo.

Que plans teñen en mente?



as relacións sociais entre os veciños, así como restaurar o edificio do colexio. Todos os veciños e veciñas de Río formamos parte da asociación así como outras persoas que non forman parte da parroquia. En total so-

local, que leva máis de 30 anos pechado como institución educativa e só abría como colexio electoral nos diferentes comicios, pero nós queremos utilizarlo para facer as reunións, para promover actividades e para

Polo de agora, recuperamos a comida do San Martiño, o cocido de Carnaval, pero estamos abertos a todo tipo de actividades nas que estean interesados os veciños. O ano pasado intentamos facer partidas de tute,



pero non saíron. Tamén queriamos promover o desenvolvemento dalgún taller e algunha formación, como un curso de primeiros auxilios, e algo de terapias para maiores. Estamos vendo a ver o que lle podemos solicitar ás administracións. Ademais, proximamente imos inaugurar no colexio unha exposición sobre a vida de Elvira López, a primeira enfermeira militar española e a primeira da aviación sanitaria de España, que naceu aquí en San Martiño de Río no ano 1893. Queremos honrar esta muller da man da Escola de Enfermería, que fixo unha composición histórica da súa vida e nós exporemos uns paneis con fotos e biografía da nosa veciña para todos os veciños e persoas interesadas en visitala.

Son necesarias as axudas das administracións para este tipo de asociacións?

Tendo en conta os nosos escasos recursos, é imprescindible contar coa colaboración do Concello, da Xunta e da Deputación. Por exemplo, para a exposición contamos coa Deputación, que nos facilitaron os paneis. A calefacción e o chan foron pedidos

á Xunta. E o Concello, ademais de cedernos o local e arranxar o teito, vainos facer unha fosa séptica.

Por que son importantes estes colectivos?

Son moi importantes para a xente e para o municipio, xa que revitalizan e potencian as relacións sociais e culturais de veciños. Tamén valen para revitalizar o lugar, porque se non a parroquia quedaría moi baleira; hai explotacións gandeiras en Río pero hai casas nas que quedan unha persoa ou dúas maiores. Dentro duns anos, estarán pechadas.

Para quen non a coñeza, como é a parroquia de San Martiño de Láncara?

Agora non hai moito movemento, somos a única asociación que hai. Antes había moitísima mais xente que agora, con explotacións e casa dedicadas á agricultura e gandaría, e agora están pechadas. A nivel xeográfico limita co Concello de Sarria e ten boas vistas ao val de Sarria, pero carece de patrimonio cultural importante. Ten un río pequeno que nin en verán leva auga, aínda que a parroquia se chame Río.

LIQUIDACIÓN DE EXPOSICIÓN

DESCONTOS EN:

- MOBLES DE SALÓN**
- DORMITORIOS**
- APARADORES**
- MESAS DE CENTRO**
- ENTRADAS**
- E MÁIS...**

VEN A MUEBLES CELEIRO E TRANSFORMA O TEU FOGAR

Carretera LU-546 km. 16 Vilapedre 9 Sarria - Lugo Tel. 982 532 451 Mov. 625 662 962

ASESORAMENTO ENERXÉTICO A PARTICULARES E EMPRESAS PARA MAXIMIZAR O AFORRO NAS FACTURAS DE LUZ E GAS

Axudámosche a optimizar as túas facturas de enerxía?

Escanea este código QR e envíanos a túa factura de luz/gas para facerche unha **comparativa de aforro** personalizada:

Entra e infómatel

982 876 681

sarria@xenera.com

XENERA
COMPAÑÍA ELÉCTRICA

A principal comercializadora de enerxía 100% gallega. Concedida en 1991 polos gobernos.

GESA ENERGÍA Colaborador Oficial de **XENERA**

15 rapaces participarán nun voluntariado



Samos acollerá, por primeira vez, un campo de voluntariado da Xunta que estará formado por 15 persoas de entre 18 e 30 anos, e que desfrutarán de diferentes actividades arredor do municipio. A iniciativa, solicitada polo Concello de Samos e proxectada pola empresa Vida Láctea, forman parte da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado para favorecer e fomentar a convivencia, a participación, a tolerancia e a solidariedade entre a mocidade e a contorna a través de traballos diversos. Concretamente, entre os días 1 e 12 de agosto, os participantes desenvolverán un programa de podcast, crearán unha audioguía sobre o mosteiro de Samos e outros lugares de interese, desenvolverán tarefas e di-

namización e labores medioambientais na contorna do Camiño Francés.

A través destes labores, coñecerán a zona, desenvolverán actividades na ruta xacobeá e practicarán deporte e ocio, xa que a gravación do podcast, por exemplo, farase todas as mañás na praza do Concello cun equipo profesional e poderán gravar tamén as parroquias de Samos cun dron. Ademais, tamén acondicionarán e limparán sendeiros na contorna do Camiño de Santiago e poderán propoñer ideas para mellorar Samos como destino turístico. O campo de Samos ten a finalidade de continuar no tempo e será o primeiro que se faga na comarca despois dos celebrados en Triacastela hai anos.

Contan cunha axuda para promover máis conciliación

O Concello de Samos consegue unha subvención de 8.849,21 euros do Plan Corresponsables da Xunta para facilitar a conciliación das familias, e irá destinada aos nenos que sexan usuarios do servizo de madrugadores, tanto de mañá como de tarde. "Isto supón un paso moi grande para a conciliación no noso Concello, xa

que abre a posibilidade de que os nosos nenos e nenas non se teñan que desprazar a outros colexios da contorna por incompatibilidade de horarios", explican.

Así, din que dende o Concello seguirase a traballar conxuntamente tanto co colexio como coa Anpa "para poder mellorar os servizos".

Pezas da olería de Samos protagonizan unha exposición

O pasado 20 de abril, o forno de olería de Samos, concretamente chamado Forno de Lulle que se atopa en Roxofrei, lugar da parroquia de Loureiro, acendeu-se despois de non facelo desde 2017, cando se fixo unha fornada histórica na que se acendeu o lume tras 70 anos apagado. Así, cocéronse pezas como remate dun curso de cerámica que se celebrara no Mosteiro de Samos. Os autores deste acendido e anterior recuperación do forno foi cousa de Hixinio Flores, Lolo Fernández, Xaime e Caldas, que defenderon que o forno funciona ben, pero non hai quen o traballe.

Como homenaxe a este forno de olería, o Vello Cárcere de Lugo está a expoñer ata o vindeiro 17 de maio unha mostra de pezas cerámicas feitas baixo o nome de 'Conciencia dunha tradición. Olería de Mondoñedo, Bonxe, Samos e Gundivós', na que, como indica o título, inclúense 250 pezas de cerámicas singulares producidas nos fornos de Samos, Gundivós, Bonxe e Mondoñedo. E, de feito, a creación máis antiga da exposición é de Samos, datada en 1706. Na exposición, poden verse cuncas pratos e cazoliñas-potiñas que estaban sempre presentes nas cociñas galegas como parte dos utensilios utilizados diariamente para comer de forma individual. As cuncas usábanse para servir o caldo e as cazoliñas e potiñas serven para quentar a comida e servila. Tamén se poden ver pucheiros e pucheiras, utilizados cos seus diferentes tamaños para gardar o leite das vacas e para levar comida a xente que traballaba.

Pola súa parte, entre as pezas tamén hai xarras, utilizadas para servir auga e viño. Concretamente en Samos, fixéronse xarras moi semellantes aos pucheiros re-



flexados no dito popular "xarras e pucheiros todo é un" e tamén xarras para auga e para o viño. Ademais, os porróns, que foron substituíndo ás xarras para levar a auga no campo tamén aparecen na exposición. Os barrís, que se producían exclusivamente en Samos, permitían almacenar líquidos. Así como as nateiras,

recipientes para bater o leite e conseguir así separar a manteiga. En Samos, concretamente, empregábanse directamente olas de mazar o leite como nateiras. Falando das olas, tamén están expostas algunhas na mostra de artesanía do Vello Cárcere, xunto cos asados que se producían só en Bonxe. As olas, pola súa parte, eran parte de Bonxe, Samos e Gundivós, e servían para transportar e almacenar a auga, aínda que chegaron a usarse para gardar todo tipo de produtos, como o viño, o vinagre, o mel, pingo e incluso para mazar o leite. Outras pezas que se expoñen son as ámboras, recipientes de gran tamaño utilizadas para gardar o viño, conservar alimentos como pementos en vinagre e manter nelas o millo e cereais; así como os barreños e barreñas, que se empregaban, os primeiros, para as labores da matanza, para a zorza, etc; e as barreñas para os labores de lavado na cociña e para preparar diferentes alimentos, ou tamén na matanza para recoller o sangue dos porcos.

Con respecto a outros elementos, tamén aparecen os potes, portas e cazolas, utilízalos na cociña tradicional galega para ir ao lume e cociñar. Concretamente en Samos, fixéronse dúas variantes de potas, unhas con asas atravesadas e outra con asas verticais. Finalmente, en Samos e Gundivós, a través da olería, construíronse canos de augas para as conducións, pezas que son moi antigas e que aínda se conservan no Mosteiro de Samos. Ademais, tamén se empregaron tellas para poñer no teito das casas, e apareceron restos destas tellas no lugar do forno das tellas do Mosteiro, na parroquia de Lourido.

V.A. Vazquez Autos

pelayo
Agente Exclusivo

Rúa Matias López, 126
27600 - SARRIA (Lugo)
Tel. / Fax: 982 530 707
Móvil: 669 199 533
vazquezautos@hotmail.com

Peluquería Isolina

Tu peluquería de confianza desde 1987

Avda de Castilla, 19 - Triacastela 617 403 579

Busca irmandarse con Vega de Espinareda

Samos comeza os trámites para poder irmandarse co municipio Vega de Espinareda, de León, por compartir similitudes, como ter un mosteiro beneditino. Con esta iniciativa, búscase promover acción culturais e visitas de Samos a Vega de Espinareda, promocionar ambos concellos, tanto polos seus produtos como polas súas celebración, e promover o turismo.

DEPUTACIÓN

Urxen á Xunta investimentos para a atención ás persoas maiores

O Pleno da Deputación reclámalle á Xunta de Galicia un plan de investimentos específico para a atención ás persoas maiores na provincia de Lugo que contemple a achega económica para sustentar o sistema desenvolvido pola Deputación e impulse as medidas necesarias para reformar os actuais centros que así o precisen e a construción doutros novos. A iniciativa do Goberno saíu adiante estes martes cos votos a favor do PSdeG e do BNG, e en contra do PP.

O deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, criticou que o pasado 4 de abril a Xunta de Galicia anunciou a súa intención de desenvolver un paquete de medidas dedicadas á construción de novos centros de maiores. Explicou que, segundo a Xunta, o investimento total desta iniciativa suma 18,5 millóns de euros, que se concretarían en 24 medidas a desenvolver noutros tantos concellos galegos, pero Rivera desmontou este anuncio dos populares. “A Xunta de Galicia repartiu a dedo entre concellos afíns 18,5 millóns que son do Goberno do Estado para residencias. Estes son datos obxectivos e sacados da resolución publicada pola Xunta, e non mo poden negar”, afirmou lamentado que a Xunta non explique de onde veñen os fondos. Apoiado en infografía, explicou que deses millóns, máis do 64% vai a unha soa provincia; e dos 24 concellos nos que se vai actuar, 15 están gobernados polo PP, 10 deles en Ourense.

Rivera lamentou que o PP non coñeza a Rede Provincial de Centros de



Atención a Maiores que a Deputación ten en funcionamento no rural da provincia de Lugo. “No Partido Popular teñen unha alta capacidade para difundir bulos e mentiras, pero as nosas residencias son públicas e sei que é un tema que lles doe e lles escoce, pero é así. Son públicas”. “Eu creo que é bastante obvio que queramos que a Xunta se implique no proxecto, non llas queremos entregar, pero ten que exercer as competencias da Lei de Dependencia como se refire no artigo 64. Ten que pagar o que debe”. “Se de algo estou orgulloso é do proxecto de residencias desta Deputación de Lugo”, afirmou ao final do debate da moción.

Así mesmo, tamén saíu adiante unha moción socialista para esixirle ao voceiro do Grupo Popular na Deputación Provincial de Lugo, Antonio Ameijide Osorio, que rectifique e pida desculpas aos veciños e ás veciñas da provincia e de Monforte de Lemos, así como ao Presidente da Deputación e á Corporación provincial “polas mentiras, as manipulacións e a desinformación sobre os

motivos reais do traslado do Craega de Monforte a Lugo, xerando un discurso paralelo e inventado”.

A voceira do Goberno, Pilar García Porto, apuntou que Ameijide non “dubidou en mentir, manipular e desinformar para tratar de quitar rédito político a partires dun problema que creou o propio Partido Popular en colaboración co presidente do Craega, Francisco López Valladares”. Afirmou que tanto a Deputación coma o Concello de Monforte actuaron sempre “con lealdade, transparencia e respecto á verdade. O certo é que as esixencias ao redor do uso exclusivo do Pazo de Tororon só a cortina de fume deseñada a posteriori coa que se tentou agochar e obter rédito político dunha decisión tomada de antemán, de costas ao Concello, co visto e prace do ex Conselleiro do Medio Rural e da propia voceira do Partido Popular en Monforte. Sempre con criterios partidistas a prol do PP e de costas ás necesidades reais dos produtores ecolóxicos da provincia de Lugo e de Galicia”.

Aproban investimentos para cinco estradas

A Xunta de Goberno aprobou un novo investimento que supera os 800.000 euros para acometer obras de mellora en cinco estradas provinciais ao seu paso por oito concellos: Guntín, Friol, Palas de Rei, Cospeito, Paradela, O Saviñao, Antas de Ulla e Sarria. Así o informou a voceira socialista, Pilar García Porto, despois da reunión semanal do Executivo.

“Continuamos facendo un gran esforzo investidor para manter e mellorar a rede viaria provincial que, con 4.217 quilómetros de lonxitude, é a máis extensa de todas as Deputacións de España e tres veces maior ca da propia Xunta de Galicia”, sinalou García Porto, quen engadiu que o Executivo autonómico conta cun orzamento 115 veces superior o da institución provincial, con 13.257M€ fronte aos 116M€ da Deputación.

Na LU-P-4201, que dá servizo aos concellos de Paradela e O Saviñao, mellorarase o treito que vai do quilómetro 8 ao 11,850 cun orzamento de 145.000 euros. Os traballos consistirán no acondicionamento do firme, a reapertura de cunetas, e a repavimentación de zonas degradadas. O prazo de execución é de dous meses.

No que ten que ver coas estradas, a Xunta de Goberno acordou tamén declarar de emerxencia as obras necesarias para arranxar os danos provocados polas intensas choivas das últimas semanas no punto quilométrico 1,6 da estrada LU-P-5702, de Pedrafita a Vilanova

de San Vicente por Sabadelle o seu paso polo concello de Sarria.

“Esta decisión permitiranos actuar de forma máis rápida e eficiente para repoñer o estado da vía porque será a empresa encargada da conservación da rede provincial nesta zona, Construcciones Leonardo Miguélez”, relatou García Porto, quen sinalou que o orzamento estimado é de preto de 69.000€.

TELEASISTENCIA. A Xunta de Goberno aprobou a licitación dun contrato por preto de 410.000 euros para a prestación do Servizo de Teleasistencia Domiciliaria que ofrece a Deputación. Un servizo a través do cal a institución provincial garante atención domiciliaria gratuíta as 24 horas, os 365 días do ano, a cerca de 2.000 veciños e veciñas dos 67 concellos que teñen dificultades na súa autonomía.

Esta prestación, que favorece a permanencia, o arraigamento e a integración no entorno familiar e social destas persoas, consiste na instalación dun dispositivo no domicilio das persoas usuarias que permita a mobilización de recursos ante unha situación de emerxencia, necesidade ou seguimento. “Os usuarios deste servizo e as súas familias viven con máis tranquilidade, pois saben que, a pesar de ter dificultades ou vivir sós, contan cun sistema de chamada para recibir atención en calquera momento”, valorou a deputada.



ESPECIALISTAS EN REFORMAS Y REHABILITACIONES

CUBIERTAS DE PIZARRA

COLOCACIÓN DE PIEDRA

ESTRUCTURAS DE NAVES

EXCAVACIONES Y TRANSPORTES

OBRA NUEVA

LG. VILAMEA, 2 - 27619 SARRIA - TFNO.: 616 212 698 



Supermercados **PARADELA**

Su supermercado de confianza

Servicio de carnicería

Calle Cabaleiros de Santiago, 77 Bajo
27611 **PARADELA** / Telf.: **982 541 532**

DEPORTES

Os Meigallos organizan un campus e un torneo



O club de fútbol sala Os Meigallos de Sarria organiza a VII edición do seu Campus de Fútbol Sala, que se desenvolverá do 7 ao 13 de xullo. Así, os rapaces de entre 6 e 18 anos poderán participar desta iniciativa deportiva á que xa se poden inscribir a través do correo campusmeigallos@gmail.com, das redes sociais do equipo ou nos teléfonos 630 432 756 ou 636 044 383 e ata o vindeiro 30 de xuño. Entre os monitores que se atoparán no campus, están os xogadores de fútbol sala Álvaro Cerviño e Saúl González, que presentaron o cartel xunto co concelleiro de Deportes, Félix Seijas, e a presidenta do Meigallos, Violeta Díaz; a vicepresidenta, María José Calvo; e o tosouseiro, Luis Cerviño.

O campus consistirá en que os rapaces desenvolvan as súas capacidades físicas e técnica a través de adestramentos de fútbol sala nun campus de convivencia entre xogadores. Ademais, recibirán visitas de xogadores de fútbol sala masculino e feminino, como en

anteriores edicións.

O Club Os Meigallos FS, en colaboración co Concello de Sarria, organiza o XVII Torneo de Fútbol Sala Base Os Meigallos Sarria para equipos federados de fútbol sala.

O torneo celebrarase durante a fin de semana do 14, 15 e 16 de xuño nas categorías de prebenxamín, benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil e a inscrición, como todos os anos, será gratuita. Admitiranse un máximo de oito equipos por categoría e repartiranse trofeos para os tres primeiros clasificados de cada categoría, o Máximo Goleador, o Mellor Porteiro, e o Xogador máis destacado de cada categoría. As persoas interesadas en participar poderán inscribirse ata o vindeiro 3 de xuño, podendo poñerse en contacto a través dos números 630 432 756 de Violeta, 639 341 528 de María, 628 084 508 de David, 636 044 283 de Poy, na Ferraxería Maluco de Sarria, ou a través do correo electrónico osmeigallos@yahoo.es.

A AC Taekwondo suma medallas nos campionatos escolares

A AC Taekwondo de Sarria competiu en Taboada na fase provincial do campionato escolar de poomsae con 22 deportistas, que acadaron un total de 8 medallas; e en Vigo, onde o equipo benxamín acadou unha. Segundo o adestrador, Álex Losada, os resultados no de Taboada foron "fantásticos, xa que era a primeira vez que participaban nun campionato". Mateo Pontón, Gael Goyanes e Anxo Teijeiro conseguiron o ouro no trío benxamín maculino; Pablo Ferreira, Izan Arias e Christopher Marcano acadaron a prata como trío benxamín masculino; e Mauro García, Lucas Díaz e Martín López conseguiron o bronce en dita categoría. Pola súa parte, Maëlys Veiga e Martín Varela fixéronse coa prata como parella benxamín e Carla Ro-



dríguez e Mateo Pontón conseguiron o bronce na mesma categoría. Con respecto aos alevíns, Ginés Díaz e Olivia Gallent acadaron o bronce como parella alevín e Dani Montes, Dani Rivas e Noel Préstamo tiveron un bronce como trío alevín. Finalmente, Martín Varela acadou un bronce en alevín masculino. Pola

súa parte, no campionato celebrado en Vigo, o equipo de Mateo Pontón, Gael Goyanes e Anxo Teijeiro conseguiu unha medalla de bronce na categoría benxamín. Así, Losada sostén que están "moi contentos con este súper equipo que segue crecendo e logrando os obxectivos establecidos para este ano.

XXIII TORNEO VILA DE SARRIA DO CLUB XIRANDELA



O Club Xirandela celebrou o seu XXIII Torneo Vila de Sarria, no que ademais conmemoraron o seu 25 aniversario, reunindo a máis de 300 ximnastas de diversos clubs galegos e de León. Así, o pavillón José Mario González do Chanto encheuse de público, para desfrutar dun torneo cheo de emocións. Os resultados da competición deixaron varias medallas de ouro para Iniciación M Nivel B, Cadete Nivel B, Iniciación Escolar, Prebenxamín Escolar, Benxamín Escolar, Alevín P Escolar, Infantil Escolar, Cadete Escolar e Infantil Promoción.



FONTANERÍA Y GAS
VILAR VALCARCEL S.L.

- AEROTERMIA
- SUELO RADIANTE
- BIOMASA
- INSTALACIONES DE CALEFACCIÓN, FONTANERÍA Y GAS

C/ Portomarín, 17 • C/ Arias de Arbieta s/n
27600 Sarria (Lugo) • Telf/Fax: 982 531 449
Móvil: 659 589 024 • vilavalcarcel@hotmail.com



LIMPIEZAS ISABEL

674 467 444
641 171 951

LIMPIEZA DE:

- Comunidades de propietarios
- Post-obra de edificios y locales
- Pisos turísticos y albergues
- Garajes
- Comercios
- Cocinas de restaurantes
- Limpiezas en general

PRESUPUESTO SIN COMPROMISO

isabelimpiezas@gmail.com

Celebrarase a I Festa do Motor 4x4 da Comarca de Sarria

Os Carro x Catro de Sarria organizan a primeira Festa do Motor 4x4 da Comarca de Sarria o vindeiro sábado, 1 de xuño, na que haberá probas para motos, quads, buggies e todoterreos repartidas ao longo da xornada. Así, explican que “dada a boa aceptación, tanto polos participantes como pola gran afluencia de público que se achega as actividades que se levan acabo o derradeiro día do fin de semana da ruta 4x4 da comarca de Sarria, organizamos esta gran festa”. A Festa celébrase trala IX edición da Ruta 4x4 que tivo lugar no pasado mes de novembro e



que congregou a 425 vehículos participantes e arredor de 650 persoas de público. Así, daquela,

os organizadores xa anunciaron a posibilidade de organizar unha Festa do Motor.

A Concentración de Vehículos Clásicos Vila de Sarria será en xuño

O Club Clásicos, que vén de celebrar o II Rally Regularidad Vila de Sarria, anuncia que a data para a IV edición da Concentración de Vehículos Clásicos Vila de Sarria, será o vindeiro 30 de xuño. O ano pasado concentráronse na vila de Sarria arredor de cen vehículos, que estiveron expostos no Chanto desde as 09.00 horas e que despois saíron a percorrer distintas localidades de Sarria. Así, os coches clásicos ao Chanto e, desde aí, saíron percorrer as distintas localidades de Sarria, nas que coincidiu atoparse con moitos peregrinos que estaban a facer o Camiño Francés cara a Santiago. Despois, ao mediodía, La Unión acolleu a sesión vermú amenizada por The Lioness Treasure, do que destacan



“a mala sorte co tempo que houbo”, que ao empezar a tormenta, entorpeceu o resto da tarde. Por último, entregouse a moto Guzzi Hispania no sorteo, que se entregou a un socio do Club Clásicos

que estivo organizando a xornada. As persoas interesadas en participar desta iniciativa poderán desfrutar de diversos coches clásicos e tamén actividades sociais e culturais durante a xornada.

A SD Sarriana xogará o play-off de ascenso



O equipo da SD Sarriana conseguiu clasificarse para xogar o play-off de ascenso a segunda RFEF despois de enfrontarse contra o Viveiro CF, que marcou un gol no partido celebrado este domingo na Ribela de Sarria. Así, os sarriaos cumpren o obxectivo marcado para esta tempada, que era chegar a xogar o play-off para chegar a ascender a 2ª RFEF. Os xogadores, equipo técnico e

adestrador estaban pletóricos celebrando a noticia nun campo cheo de afeccionados que se achegaron a animar ao equipo. Pola súa parte, o equipo do Oural de Sarria conseguiu o ascenso a Primeira Galicia despois de vencer ao equipo de Quiroga cun 4-0, clasificándose como campión de grupo. Os do Oural volven a pisar a Primeira liga de Galicia despois de 21 anos.

Volve o Deporcampus, o campamento da Sarriana

A SD Sarriana organiza, un ano máis, o Deporcampus, un campamento de verán de fútbol na vila de Sarria en colaboración co Real Club Deportivo da Coruña. Este desenvolverase desde o luns 24 ao venres 28 de xuño. A iniciativa, que terá lugar no campo da Ribela onde adentra a SD Sarriana, en horario de 10.00 a 14.00 horas, xa ten aberto o seu prazo ata o vindeiro 18 de xuño para que os pe-

quenos e pequenas afeccionados do deporte e do fútbol que queiran participar, poidan facer a súa inscrición. Neste campus, o obxectivo é que os nenos e nenas que participan coñezan o método de fútbol dos xogadores do Deportivo da Coruña, baseado no respecto polo rival, o xogo limpo e o esforzo, ademais de fomentar outros valores e técnicas deportivos do fútbol.

AUDÍFONOS SIEMENS

Audio Sarria

CENTROS AUDITIVOS

Nº de Registro Sanitario: E-27000398

GARANTÍA 5 AÑOS

• Pruébelos SIN COMPROMISO
• Revisiones GRATUÍTAS
• Financiación hasta 18 MESES sin intereses

AUDÍFONOS RECARGABLES ...y olvidese de las pilas

C/Matías López, 63-bajo | 27600 - SARRIA (Lugo) | audiosarria@gmail.com

ATENCIÓN FAMILIAR

SOMOS ESPECIALISTAS EN CARNE FRESCA, CO CORTE AO GUSTO DO CLIENTE

DESCUBRE O NOSO EMBUTIDO DE A FONSAGRADA

HORARIOS DE LUNS A SÁBADO

Horario continuo de 9:00 a 21:00 h.

DOMINGOS E FESTIVOS

De 10:30 a 14:00 h.

RÚA DIEGO PAZOS 47, SARRIA
www.facendafarruquino.gal

DESCUBRINDO O PATRIMONIO

Igrexa de San Salvador de Sarria

A igrexa, de arte románica, inclúe un Pantocrátor ou Cristo en Maxestade na porta principal que protexe a entrada norte

A Igrexa San Salvador de Sarria localízase no comezo da rúa Maior, fronte á Torre da Fortaleza e o Xulgado, o antigo Hospital de Santo Antón Abade do século XVI-XIX que tamén foi Escola de Gramática, cárcere e edificio consistorial; no centro da vila sarriá. É unha obra do século XIII, unha das únicas que se conservan no municipio de arte románica ou, como indican algúns autores, de cronoloxía tardorrománica, en transición xa co gótico, e de eminente carácter rural.

Esta é unha pequena igrexa parroquial dunha soa nave rectangular con teitume de madeira, rematada nunha sinxela ábsida semicircular sen apenas alardes escultóricos, concentrándose o seu principal interese nas dúas portadas de ingreso, a da fachada principal e a do muro norte.

Na porta principal, a norte, preséntase un pórtico cun arco apuntado con dúas arquivoltas con chafrán e dentes de serra que se apoian en dous pares de columnas con capiteis adornados con motivos vexetais e zoomórficos. Ademais, están tamén apuntadas e decoradas con puntas de diamante e pequenas perlas, enmarcando un curioso tímpano presidido por un Pantocrátor de trazado arcaizante ou Cristo en Maxestade, en actitude de bendicir, que protexe a entrada xunto con dúas pequenas cruces de Malta. Coroala fachada unha espadana do ano 1860, momento no que tamén se colocou a Fonte de San Salvador na mesma praza. Pola súa parte, a porta occidental despreza tres arquivoltas de baquetilla apuntadas que apean sobre columnas rematadas en

capiteis decorados con motivos vexetais pero de relevo moi plano. Ademais, por riba da porta hai un pequeno óculo de moldura lisa que ilumina a tribuna.

A ÁBSIDA. A Igrexa San Salvador remata nunha ábsida semicircular de arte románica de transición, con tramo rectangular e cabeceira semicircular, con bóveda de canón e cuarto de esfera. Ademais, é unha das ábsidas máis completas do territorio, xa que está practicamente intacta.

Está dividida en tres panos por columnas acaroadas a modo de contrafortes rematadas en capiteis á altura da cornixa, e presenta en cada un deles unha ventá grande de medio punto de rosca axadrezada sobre columnas cilíndricas rematadas en capiteis entre os que se adiviñan motivos xeométricos, vexetais e incluso algún zoomorfo. Completa a decoración da cabeceira unha grosa liña de imposta axadrezada a media altura.

RELACIÓN DO CAMIÑO. A Igrexa San Salvador leva centos de anos sendo testemuña dos miles de miles de peregrinos que percorren o Camiño de Santiago a través do Camiño Francés que cruza Sarria, polo que todos os domingos ás 19.00 horas se celebra a misa do peregrino para que estes turistas relixiosos poidan presenciarla e, incluso, poidan selar aquí as súas credencias do Camiño. Algúns dos peregrinos que xa pasaron por esta Igrexa defenden que o feito de que conserve a estrutura da igrexa e as súas portas románicas cheas de formas fan fermosa esta igrexa.



<p>MADEIRA SERVICIOS FUNERARIOS</p> <p>Funerarias Tanatorios Seguros</p> <p>MADEIRA</p> <p>75 ANIVERSARIO MADEIRA SERVICIOS</p> <p>Desde 1945</p> <p>Diego Pazos, 34 27600 SARRIA - Lugo Teléfono y fax 982 53 00 15</p> <p>funeraria@servimadeira.es www.tanatoriomadeira.es</p>	<p><i>Pili Madeira</i> FLORISTERÍA</p> <p>Calvo Sotelo, 137 Tel. 982 530 015 SARRIA (Lugo)</p> <p>floristeria@servimadeira.es - www.floristeriamadeira.es</p>	<p>REGALOS & EVENTOS</p> <p>bicarelo</p> <p>Calvo Sotelo 122 Bajo Izq - 27600 Sarria - Lugo Tel.: 982 88 65 85 / 633 22 69 88 info@bicarelo.es</p>
--	---	---